
BASES PARA UNHA ESTRATEGIA GALEGA DA ENERXÍA



Confederación Intersindical Galega

www.cig.gal

“Este excedente enerxético, que podería destinarse ao desenvolvemento industrial en Galicia, expórtase a outras rexións españolas e mesmo ao estranxeiro ao amparo dunha lexislación absurda que unifica as tarifas en todo o territorio nacional sen ter en conta consideracións económicas como as perdas ocasionadas no transporte de enerxía e os grandes custos de instalación de grandes liñas de condución.

Se analizamos máis a fondo este desperpento económico atoparemos dous novos agravantes para Galicia. Primeiro) O feito de que Galicia produza máis electricidade da que pode consumir non significa que a enerxía utilizada en Galicia sexa máis barata para o usuario. Pola contra, dado que as empresas distribuidoras non poden cobrar de forma discriminatoria os custos de transporte e perdas de fluído, na súa condución, aos usuarios extra-rexionais, estes custos e aquelas perdas en liña serán prorrateados entre todos os abonados da nación, desde onde resulta que o consumidor galego ten que pagar parte do que debe-

ría pagar o consumidor madrileño ou andaluz. Como vedes, o beneficio é negativo para Galiza. Segundo) A construción de centrais hidroeléctricas no tramo medio e baixo dos ríos galegos provoca a consecuente inundación de fértiles vales e, en ocasións, ten como consecuencia o traslado forzoso de poboacións enteiros, no caso de Portomarín, con todas as consecuencias dos desequilibrios económicos e sociais. Esta situación, que quizais sería tolerable asumindo un auténtico sentido de compensación económica e rescate social dos afectados, é sumamente prexudicial para Galicia como sociedade, dado que soporta a perda de recursos produtivos sen beneficiarse do excedente de produción enerxética, explotada por intereses absentistas en alto grao. O máis lamentable é que moitas veces estes mesmos intereses absentistas utilizan para os seus investimentos de capital o feble aforro galego canalizado á súa conveniencia a través dunha rede de depósitos bancarios.”

Cambre Mariño, Jesús: “Galicia ante o desequilibrio rexional de España”.

Editorial Galaxia, 1968

Contido

1.- INTRODUCCIÓN	7
2.- SITUACIÓN ENERXÉTICA DA GALIZA	8
3.- POLÍTICAS ENERXÉTICAS	19
3.01.- Estatal	19
3.02.- Galega	21
4.- ESTRATEXIAS AUTONÓMICAS	29
4.01.- Aragón	29
4.02.- Asturias	30
4.03.- Canarias	30
4.04.- Castela e León	30
4.05.- Castela-A Mancha	30
4.06.- Catalunya	31
4.07.- Euskadi	32
4.08.- Nafarroa	34
4.09.- A Rioxa	34
5.- OBXECTIVOS E ACTUACIÓNS	35
5.01.- No ámbito galego	35
Transición enerxética. Desigualdades sociais	35
Eficiencia enerxética e baixada do consumo	36
Lei Galega do Sector Eléctrico. Enerxía Quilómetro 0	36
Empresa Pública Galega de Enerxía. Planificación pública	38
Rescate concesións hidroeléctricas vencidas	38
Tarifa Eléctrica Galega	39
A cadea de valor da Transición Enerxética	42
Almacenamento enerxético. Centro de Investigación	43
Distribución eléctrica pública	43
Hibridación de instalacións	44
Nodos de acceso e conexión. Necesidade de información	44
5.02.- No ámbito estatal	45
Concesión no canto de Autorización administrativa	45
Avaliación ambiental e información-participación social	46
Rescate concesións hidroeléctricas intra-comunitarias vencidas	47
Eliminación do límite de 50 MW para tramitación de proxectos	47
Nodos de acceso e conexión. Melloras necesarias e obrigadas	48
Pagos por capacidade para ciclos combinados	48
Estatuto electointensivo	48
Política fiscal na factura eléctrica	49
ANEXO	51
Potencias instaladas e balances eléctricos renovábeis 2023	51

Nota: As gráficas, figuras, cadros e táboas que se reflicten no documento, entenderanse que son de elaboración propia a partir dos datos publicados (estado a 01 de xullo de 2024) por Rede Eléctrica de España (REE), ou obtidos do documento orixinal referenciado no texto, salvo que se sinale a fonte ou por erro ou omisión.

1.- INTRODUCCIÓN

Galiza tivo e ten un papel de transformador de enerxía que non foi escollido polos galegos e galegas, senón que é consecuencia dunha cadea de decisións alleas, moitas delas do período da ditadura franquista, e do que non obtivemos nin obtemos compensación. Ao longo de anos, por decisións políticas, Galiza foise especializando na xeración de electricidade, desempeñando un papel imposto de centro subministrador de enerxía eléctrica para unha gran parte do estado español, exportando unha media superior ao 35% de electricidade, en base ao seu potencial hidroeléctrico e aos xacementos de carbón, acrecentado posteriormente co desenvolvemento do aproveitamento eólico e biomasa, e, tamén, coa construción de ciclos combinados de gas natural. Todo obedece a un deseño centralista do estado

español que, mentres nos adxudicaba devandito papel, reservaba para outras zonas ser centro da industrialización e do desenvolvemento económico, á vez que se aforraban os custos do impacto social e ambiental que padecemos os galegos e galegas.

A pesar da súa importancia, Galiza apenas contou con capacidade para deseñar e aplicar unha estratexia enerxética propia, orientada, cando menos, a un aproveitamento endógeno dos seus recursos, estando condicionada, cando non limitada, por decisións estatais dos sucesivos gobernos centrais. Pois ben, entendemos que nas circunstancias actuais débese traballar para reverter a situación, para aproveitar as oportunidades, polo que é **imprescindíbel, necesario, obrigado e urxente** dispor da meritada **estratexia enerxética propia**.


2.- SITUACIÓN ENERXÉTICA DA GALIZA

Para coñecer o estado actual do sector enerxético na Galiza o mellor documento publicando até o momento é o informe do CES, *O Sector Enerxético Galego: Presente e Futuro*, realizado polos profesores da UDC, D. Fernando del Llano Paz, D. Guillermo Iglesias Gómez e D. Paulino Martínez Fernández; por iso, imos empregar datos deste Informe no capítulo inicial, pois antes de facer comparativas con outras realidades no Estado e de propoñer alternativas, consideramos necesario o coñecemento da situación enerxética galega.

O primeiro concepto que queremos aclarar é a diferenza entre enerxía e electricidade, pois moitas veces vemos confusión no seu uso; Galiza é excedentaria na xeración eléctrica, mais pola contra, é dependente enerxéticamente; esta dependencia é común nos

países da UE, pois namentres non se electrifiquen actividades industriais e o transporte, estes países son importadores netos de petróleo e gas natural.

Nos cadros seguintes podemos comprobar a dependencia enerxética galega, lembrar que o ano 2020 é atípico polo efecto da pandemia.



Fonte CES con datos INEGA

Produción Autóctona, Enerxía Importada e Dependencia Enerxética

	2010	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017	2018	2019	2020
PRODUCCIÓN AUTÓCTONA (ktep)	2.613	2.181	2.075	2.660	2.616	2.326	2.508	1.928	2.552	2.353	2.546
ENERXÍA IMPORTADA (ktep)	7.672	7.381	8.210	7.442	7.059	8.036	6.584	8.086	7.762	6.438	4.612
Carbón (% sobre o total importado)	17 %	26 %	35 %	30 %	32 %	33 %	36 %	32 %	32 %	9 %	8 %
Petróleo (% sobre o total importado)	69 %	60 %	53 %	55 %	54 %	53 %	62 %	49 %	50 %	62 %	58 %
Gas natural (% sobre o total importado)	14 %	14 %	12 %	15 %	14 %	14 %	2 %	19 %	18 %	29 %	34 %
ENERXÍA EXPORTADA SOBRE O TOTAL IMPORTADO (ktep)	-793	-563	-684	-1083	-954	-846	-904	-585	-916	-539	-622
Electricidade (ktep)	-744	-551	-754	-1071	-951	-822	-893	-572	-918	-536	-616
Enerxías renovables (ktep)	-49	-12	70	-12	-3	-24	-11	-13	2	-3	-6
ENERXÍA EXPORTADA SOBRE O TOTAL IMPORTADO (%)	10 %	8 %	8 %	15 %	14 %	11 %	14 %	7 %	12 %	8 %	13 %
ENERXÍA NETA (Importada-Exportada) (ktep)	6.879	6.820	7.527	6.360	6.105	7.191	6.858	7.501	6.846	5.898	3.990
SALDO NETO ENERXÍA PRIMARIA TOTAL (ktep)	9.492	9.001	9.602	9.020	8.721	9.517	9.366	9.429	9.398	8.251	6.536
DEPENDENCIA ENERXÉTICA (%)	72,5 %	75,8 %	78,4 %	70,5 %	70,0 %	75,6 %	73,2 %	79,6 %	72,9 %	71,4 %	61,1 %

Fonte CES con datos INEGA

Mix de Xeración de Electricidade por Tecnoloxías

Situación diferente dáse se analizamos só o sector eléctrico, neste caso Galiza é excedentaria, en cómputo anual, e, dende o ano 2020, a xeración só con renovábeis supera o consumo interno.

Xeración Electricidade (Galicia/Estado)	2017	2018	2019	2020	2021
Hidráulica	18 %	25 %	29 %	26 %	26 %
Turbinación bombeo	1 %	2 %	3 %	1 %	1 %
Carbón	24 %	28 %	19 %	27 %	9 %
Ciclo combinado	5 %	3 %	6 %	5 %	8 %
Eólica	14 %	17 %	16 %	18 %	16 %
Outras renovables	7 %	7 %	7 %	10 %	11 %
Coxeración	10 %	9 %	9 %	8 %	7 %
Residuos non renovables	7 %	7 %	7 %	8 %	7 %
Residuos renovables	20 %	20 %	19 %	22 %	19 %
Xeración total	10 %	12 %	10 %	10 %	9 %

Fonte CES con datos REE

Mix de Xeración por Tecnoloxías Galiza

Con todo, segundo o balance enerxético de Galiza elaborado polo INEGA, no 2022 Galiza exportou 57% dos combustíbeis fósiles producidos e 43% da electricidade xerada.

Tecnoloxía	2018	2019	2020	2021	2022
Carbón	32,9 %	9,9 %	5,5 %	1,9 %	5,5 %
C. Comb. Gas Natural	2,6 %	13,9 %	9,0 %	15,3 %	21,5 %
Turbinación bombeo	0,1 %	0,2 %	0,1 %	0,1 %	0,3 %
Coxeración	8,4 %	10,1 %	9,2 %	7,8 %	9,4 %
Residuos non renovables	0,6 %	0,7 %	0,7 %	0,7 %	0,9 %
Hidráulica	27,2 %	28,4 %	32,2 %	31,8 %	17,0 %
Eólica	26,8 %	35,0 %	40,7 %	39,5 %	41,7 %
Solar fotovoltaica	0,1 %	0,1 %	0,1 %	0,1 %	0,1 %
Outras renovables	0,8 %	1,0 %	1,9 %	2,2 %	2,8 %
Residuos renovables	0,6 %	0,7 %	0,7 %	0,7 %	0,9 %
Xeración total non renovable	45 %	35 %	24 %	26 %	38 %
Xeración total renovable	55 %	65 %	76 %	74 %	62 %

Fonte CES con datos REE


Produtos exportados sobre a produción en Galiza





Fonte Adrián Dios
(Nós Diario,
27/04/2024)

Se acreditamos que a transición enerxética consiste en descarbonizar a economía e, aínda que iso non se consegue só e exclusivamente con electrificación, si está claro que imos cara a unha diminución progresi-



va das fontes fósiles e un incremento das renovábeis, neste escenario as posibilidades de Galiza son moi potentes, levamos décadas sendo excedentarios en electricidade, pódese comprobar na seguinte gráfica:



A destacar o dato de exportación de electricidade do ano 2023, que chegou ao 42% e tamén que, dende o ano 2020, Galiza cubre as súas necesidades eléctricas internas, en cómputo anual, con xeración renovábel.




Cando dicimos en cómputo anual queremos trasladar que o conxunto da xeración renovábel supera ao consumo interno galego, mais iso non se cumpre nin tódolos días nin tódolos meses, como exemplo poñemos a gráfica do acontecido o ano 2023.




Como se pode comprobar, no ano 2023, os meses de xuño, xullo, agosto e setembro, non chegou coa xeración renovábel, e isto é polo efecto dun menor funcionamento das centrais hidroeléctricas e tamén dos parques eólicos.

Por iso, para poder funcionar só con renovábeis é preciso impulsar o almacenamento enerxético que, a día de hoxe, ten poucas opcións; pódese facer con centrais hidroeléctricas de bombeo, que sería a mellor opción na actualidade, outra opción son as centrais de hidróxeno, unha tecnoloxía aínda inmadura, ou tamén con baterías, pero non existen baterías para tanto tempo e para tanto consumo e, por último,



queda a posibilidade de manter as centrais de gas (que emiten CO₂), sen funcionar normalmente pero como garantía de subministro.

Para vermos o peso das renovábeis entre as diferentes Comunidades Autónomas pódese comprobar na seguinte gráfica:



Densidade de Potencia Eólica Instalada por Comunidade Autónoma

Non podemos obviar o debate social sobre a instalación de potencia eólica na Galiza, por iso, na táboa axunta vemos como temos a maior densidade de tódalas Comunidades Autónomas.


Comunidade Autónoma	MW Instalados/Km2
Galicia	0,131
Navarra, Comunidad Foral de	0,125
Aragón	0,093
Rioxa, A	0,088
Canarias, Illas	0,075
Castela e León	0,068
Asturias, Principado de	0,061
Comunitat Valenciana	0,053
Castela A Mancha	0,050
Andalucía	0,040
Cataluña	0,040
Murcia, Rexión de	0,023
País Vasco	0,021
Cantabria	0,007
Balears, Illes	0,001
Extremadura	0,001
Madrid, Comunidad de	0,000

Fonte CES con datos CNMC

Á potencia instalada de eólicos na Galiza, actualmente 3.906 MW, habería que sumarlle outros 15.000 MW en tramitación, tanto en eólica terrestre como mariña, se ben non está claro que toda esa potencia proxectada se instale. Para poder comparar o sobre dimensionamento


destes datos dicir que o incremento de potencia eólica planificada no Estado para o 2026 é de 12.500 MW; é dicir, Galiza só superaría o previsto para o Estado, por iso é algo a todas luces irreal. O histórico da potencia eólica instalada na Galiza é o seguinte:

MW de Potencia Eólica Instalada na Galiza



Fonte CES datos CNMC

Á presenza de parques eólicos, e dentro do sector das renovábeis, temos que engadir todas as instalacións hidroeléctricas na Galiza.



Fonte A Voz de Galicia

Así as cousas, a existencia de instalacións de xeración eléctrica por Concellos, considerando tanto as renovábeis como as non renovábeis, ten unha enorme presenza como se pode ver na seguinte táboa:


PROVINCIA	CONCELLOS CON CENTRAIS	
	NÚMERO	%
A Coruña	83	89,2
Lugo	58	86,6
Ourense	65	70,7
Pontevedra	54	88,5
GALIZA	260	83,1

Elaboración propia. Datos: INEGA (non se consideran os proxectos en tramitación en xullo de 2021, con independencia da súa fase).

This map of Galicia, Spain, illustrates the spatial distribution of wind turbines across its municipalities. The map uses a color-coded system to represent the number of turbines per municipality: red indicates 10 or more turbines, while green indicates 5 or more turbines. The distribution is highly heterogeneous, with a significant concentration of high-turbine-count municipalities (red) in the central and eastern regions, particularly around the cities of Lugo, Ourense, and Santiago de Compostela. Other notable clusters are visible in the northern and southern parts of the region. The map also shows the geographical context of Galicia, including its coastline and neighboring regions.


Neste escenario é de subliñar outro efecto moi significativo no mercado eléctrico galego que se está a

14




Como se pode comprobar, no ano 2023, a baixada de consumo na Galiza, en comparación coa media de

2011 a 2020, foi do 33%, cando no resto do Estado, e coa mesma comparativa, foi do 5,0%.



Esta caída tan pronunciada débese á paralización de empresas electrointensivas, pero

tamén a un menor consumo industrial, comercial e doméstico.



Mais este dato tamén aporta unha información preocupante, xa que, de estarmos inmersos nunha verdadeira transición enerxética, debéramos asistir a un menor consumo de carburantes e un incremento progresivo do consumo eléctrico mais, pola contra, de momento isto non está acontecendo.

Por iso, Galiza debe asumir un incremento de renovábeis, mais ten algún tempo para definilo e planificalo, xa que, na actualidade, está a cumprir co obxectivo do PNIEC para o 2030.

E para planificación sinalada, tamén das liñas eléctricas, é fulcral coñecer as posibilidades de acceso e conexión para evacuar a electricidade xerada polos proxectos, que teñen a súa concreción física nos denominados nodos, quer na rede de transporte (competencia de Rede Eléctrica de España, REE) quer na de distribución (das empresas privadas, cun interlocutor único en cada zona para todas elas); calquera das dúas son xestións pouco transparentes, con difícil ou case que imposible acceso á información básica, limitándose, no caso de REE, a unha publicación mensual periódica dende xullo de 2021 na súa web, na que se indica a capacidade ocupada e dispoñíbel de cada nodo, mais sen sinalar os proxectos que a teñen concedida mediante poxas ou por petición directa, nen as súas características.

Segundo o informe de REE de xullo, dos 936 nodos do Estado, 60 están na Galiza, coas seguintes características:



- ✓ a capacidade nodal total é duns 46 GW para Módulos de Xeración de Electricidade Síncronos

(MXES, tipo bombeos) dos que uns 21 GW estarían sen ocupar, e duns 39 GW para Módulos de Parque Eléctrico (MPE, tipo eólico, fotovoltaica) cuns 17 GW sen ocupar;



- ✓ 20 (33%) teñen marxe non ocupado nulo (non teñen capacidade dispoñíbel), entre eles Beariz 400 kV, Belesar 220 kV, Chantada 220 kV, Eirís 220 kV, A Grela 220 kV, Mesón do Vento 220 kV, Montouto 20 kV, Novo Vigo 220 kV, As Pontes 400 kV (de Transición Xusta), Sabón 220 kV (concurso), Sidegasa 220 kV, ou Tambre 220 kV;
- ✓ 8 (13%, 1 sen capacidade) non teñen posibilidade de conexión, por distintos motivos (Abeondo 400 kV, Amoeiro 220 kV, Cartelle 220 e 400 kV, Fontefría 400 kV, Novo Vigo 220 kV -sen capacidade-, O Incio 220 kV, e Trives 400 kV);
- ✓ 39 (65%, 2 sen capacidade, 6 sen posibilidade de conexión) están afectados por reserva de concurso ou poxa, TX ou regulada polo RD 1183/2020 e aprobadas, previo informe de REE, por resolucións da Secretaría de Estado da Enerxía;
- ✓ 2 son dos chamados de Transición Xusta, Meirama 220 kV e As Pontes 400 kV, sen capacidade dispoñíbel, cando o propio Miteco promociona os nodos liberados polo peche das Centrais Térmicas de carbón como un importante activo para a xeración de emprego e novos proxectos industriais. Dos 24 nodos de TX que recoñece REE, a 9 (38%) fíxaselles capacidade nula, con Mudejar e La Robla concursados.

A Xunta ten denunciado de xeito público deficiencias graves na evacuación eléctrica, que se trasladan ao subministro, e que non teñen solución na planificación 2021- 2026 de REE, para a que a substitución de xeración con carbón pola xeración eólica non fai aflorar novas necesidades, formulación que non foi rebatida pola Xunta durante a tramitación, como tampouco fixo coa circular da CNMC sobre de acceso e conexión.

NODOS ACCESO E CONEXIÓN GALIZA: situación (REE, 01/07/2024)




Situación singular é a dos denominados Nodos de Transición Xusta, establecidos no Real Decreto-lei 23/2020, que se corresponden con aqueles onde tiñan a súa evacuación as centrais térmicas de carbón e as nucleares pechadas, en proceso ou con previsión de facelo; o fundamento para tal denominación trasladado polo goberno estatal era que constituiran un recurso público potencial para a recuperación dos efectos socioeconómicos negativos derivados dos peches nas zonas onde se situaban as centrais, cunha concreción nos procesos dos Concursos de Transición Xusta, poxas competitivas multi- criterios da capacidade dos meritados nodos. Na actualidade só ten rematado o procedemento de poxa para un dos nodos, o de Mudéjar 400 kV en Andorra, Teruel (<https://www.boe.es/boe/dias/2022/11/26/pdfs/BOE-A-2022-19668.pdf>), alghuna outra están convocada (Lancha 220 kV en Puente Nuevo, Córdoba), e outras teñen un borrador de bases, que é o caso de Meirama 220 kV en Cerceda. No caso de Andorra, a empresa gañadora, nese caso Endesa, xa tivo que depositar unha fianza no Ministerio de 220 millóns



de euros e, agora, queda obrigada a cumprir o que ofertou no concurso no ámbito de creación de emprego, con porcentaxes para mulleres e para persoas con discapacidade, no do investimento previsto, proxectos industriais asociados, prazos...

Ademais de Meirama 220 kV, na Galiza temos outro Nodo de Transición Xusta, As Pontes 400 kV, que, segundo o MITECO, non ten capacidade para concursar, mentres que o Cerceda ten menos que a potencia da central pechada.



3.- POLÍTICAS ENERXÉTICAS


3.01.- ESTATAL

Afirma W. Nordhaus, premio Nobel de Economía 2018, no seu coñecido libro *O Casino do Clima* que “*resulta tentador fixar grandes obxectivos climáticos como metas ríxidas que debemos alcanzar a teor de patróns históricos en materia ecolóxica ... Para fixar obxectivos climáticos debemos ter en conta o bo e o malo de cada opción e así buscar solucións máis equilibradas e eficientes*”. Pois ben, o borrador actual do Plan Estatal Integrado de Enerxía e Clima (PNIEC) 2023-2020 concorda coa tentación climática -utilizada como escusa-, mais non semella aplicar a parte analítica, cando menos no ámbito social.

Segundo o Regulamento sobre a Gobernanza da Unión da Enerxía e da Acción polo Clima e a lei estatal de Cambio Climático e de Transición Enerxética, o PNIEC debe ser a planificación estratéxica estatal que integre a política de enerxía e clima e reflicta a contribución de España á consecución dos obxectivos establecidos pola UE; mais sendo así, o documento a exposición pública ata o 4 de setembro evidencia deficiencias fulcrais, non só formais que tamén (p. ex. a súa avaliación ambiental, ao tratarse dunha modificación substancial, ou mesmo todo o relativo á consulta e participación pública real), xa dende a súa formulación que debería de partir do establecemento da demanda de enerxía pretendida como obxectivo (que se quere ser?), non como resultado, ademais do estudo dos recursos e da súa dispoñi-

bilidade, da revisión da planificación das infraestruturas de acceso e conexión, e dun tratamento máis amplo, rigoroso, claro e explícito das implicacións sociais, incluída a transición xusta; polo tanto, é merecedor dunha emenda á totalidade. Pero, con todo, pódense reseñar algúns dos seus grandes números, tan publicitados como descoñecidos, con relación ao documento anterior de 2021 e á situación actual.

Ademais dun 42% na mellora da eficiencia enerxética en enerxía primaria, e dunha redución na dependencia enerxética ata o 51%, cando no anterior fixébase no 61%, o documento contempla un 32% (+9%) de redución nas emisións, que se concreta no 70% para os sectores regulados polo comercio dos dereitos de emisión (xeración eléctrica, cerámica, cemento, coxeración de máis de 20MW, e aviación) e no 43% para os sectores difusos (resto de industrias, residencial, comercial, institucional, transporte, agrogandeiro, residuos, ...), con maiores volumes nos primeiros mais con esforzos adicionais superiores no residencial, comercial e institucional (+38% respecto do anterior de 2021, con 1.337.000 vivendas rehabilitadas), no agrogandeiro (+26%), nos procesos industrias distintos da combustión (+21%), e, sobre de todo, no sector do refino (+633%), mediante eficiencia enerxética, electrificación renovábel, biocombustíbeis, gases renovábeis, ou mesmo a potenciación do transporte público (fronte aos 5.500.000 de coches eléctricos).



Como resultado da aplicación das medidas contempladas derívase unha aportación das renovábeis sobre do consumo final da enerxía do 48% e do 81% na xeración eléctrica, como consecuencia de actuar, no primeiro caso, sobre da demanda con medidas de eficiencia, de aforro, e de consumo non eléctrico para gases renovábeis, e sobre da xeración cunha maior aportación renovábel; na xeración eléctrica incrementa a potencia instalada dos 161 GW aos 214 GW (na actualidade é de 121 GW), cunha maior implantación de renovábeis, nomeadamente solar fotovoltaica con 76 GW (+95% a respecto do documento anterior, na actualidade 22 GW), que inclúen pasar dos 5 GW actuais aos 19 GW de autoconsumo (superando o obxectivo de 9-14 GW da folia de ruta, e que supón utilizar 1,8 veces as vivendas galegas, considerando todos os seus tellados óptimos) e eólica con 62 GW (+23%), terrestre (59 GW) e mariña (3 GW) para 2030, cando na actualidade téñense uns 30 GW instalados, e non sendo menos certo que o total da potencia eólica en tramitación para construción (14 GW), con acceso concedido (22 GW) ou solicitado (14 GW) superan o obxectivo. Con todo, implicaría instalar unha media duns 12 GW de renovables ao ano, cando o máximo valor histórico é de 6 GW; na eólica peninsular, no período 2015-2022 aumentou en 6,7 GW, uns 70 MW ao mes, mentres que a proposta sería duns 356 MW mensuais ata 2030, o que viría a xustificar a preocupación da patronal e do sindicalismo estatal, con ataques á Xustiza incluídos, sobre da situación en Galiza. Por certo, nada fala o documento, de xeito expreso, sobre da zonificación ou distribución de tal incremento na potencia renovábel, mais nos resultados da simulación para 2030 reflicte, no caso da eólica terrestre peninsular, 2.033 horas equivalentes de funcionamento, cando a media no 2022

para as 5 zonas de maior potencia eólica instalada foi de 2.060: Galiza 2.501, León e Castela 2.085, Aragón 2.026, Andalucía 1.932, e Castela-A Mancha 1.757 horas. Na mesma simulación ofrécese outros datos de interese; por exemplo, a xeración eléctrica peninsular sería duns 376.550 GWh, para unha demanda duns 316.500 GWh, con 51.372 GWh (14%) exportados a Francia (96%) e Portugal -máis potencia renovábel para exportar?-, e uns 25.166 GWh de vertidos renovábeis, 2,6 veces a xeración eólica ou 1,7 veces a xeración renovábel en Galiza no 2022 -consumo de proximidade ou de quilómetro cero?-, aínda cun aumento no almacenamento dos 12 GW aos 18,5 GW (6,4 GW actuais), sen diferenciar entre bombeo (maioritario na versión de 2021 cun 22% mixto e un 57% puro) e baterías, máis 3,5 GW térmicos.

O investimento previsto a executarse en 6 anos e medio tamén aumenta, ata os 294.000 millóns de euros, cuxo 10,5% é dos fondos europeos, condicionados á súa execución e ás reformas comprometidas polo goberno central; son na súa maioría para a implantación das renovábeis polos axentes privados que serán titulares do sol e do vento a perpetuidade, con declaración de utilidade pública e expropiación forzosa dos terreos precisos.

As actividades diarias xeran cambios enormes e duradeiros no mundo que nos rodea; as 107 medidas climáticas/enerxéticas incluídas nas máis de 600 páxinas do PNIEC a exposición no verán modifican e redeseñan as nosas actividades, e non son neutras, dando lugar a gañadoras e perdedoras. Se como afirma o texto *“o coñecemento e a información son a base para unha maior implicación da cidadanía no ámbito enerxético”*, onde están os necesarios -e obrigados- procesos públicos de explicación?

3.02.- GALEGA

No ámbito da planificación e regulamentario sobre do cambio climático e da transición enerxética, non é Galiza unha referencia nin exemplo a seguir. Unha breve análise da listaxe da documentación máis significativa, maioritariamente preceptiva, e da súa secuencia temporal e estado, evidencia ausencia da necesaria e obrigada actualización (véxase, por exemplo, o Plan Eólico e o Plan Integrado de Enerxía e Clima), e a súa falta (Lei do Clima), o que só se pode xustificar polo desinterese, a pasividade, e a entrega, sen condicións, a intereses externos e privados, anulando por completo as potencialidades e posibilidades dun desenvolvemento sustentábel, tamén no social, do País. E todo feito dende o escurantismo e falta

de transparencia, que se concretan na aplicación do maior caos posíbel para resultar nunha rede complexa, enmarañada e inintelixíbel de textos de imposible seguimento e comprensión para a maioría da xente; exemplo de ditas afirmacións son as leis de simplificación administrativa e a de áreas empresarias, que introducen modificacións severas e decisivas no ámbito eólico -aprobación de parques fóra das áreas de desenvolvemento eólico recoñecidas polo Plan Eólico-, por non mencionar as habituais, reiteradas e de uso abusivo, leis de medidas fiscais e administrativas que acompañan aos orzamentos da Xunta, que, xunto coas autoemendas do PP modifican, ano si e ano tamén, varias dúcias doutros textos regulamentarios.


DOCUMENTO	ESTADO	DATA
Plan Eólico de Galiza	Aprobada (Resolucións 14/10/1997 e 20/12/2002)	15/12/1997; 03/01/ e 18/08/2003 (DOG)
Creación Instituto Enerxético de Galiza	Aprobada (Lei 3/1999)	30/03/1999 (DOG)
Aproveitamento Eólico na Galiza	Aprobada (Lei 8/2009)	29/12/2009 (DOG)
Política Industrial de Galiza	Aprobada (Lei 13/2011)	02/01/2012 (DOG)
Órganos Competentes Autorización Instalacións Eléctricas Competencia Xunta	Aprobada (Decreto 9/2017)	01/02/2017 (DOG)
Directrices Enerxéticas de Galiza 2018-2020	Presentadas	08/03/2018 (Consello Xunta)
Axencia Galega de Innovación	Aprobada (Decreto 85/2019)	18/07/2019 (DOG)
Patrimonio Natural e Biodiversidade de Galiza	Aprobada (Lei 5/2019)	07/08/2019 (DOG)
Estratexia Galega de Cambio Climático e Enerxía 2050 e I Plan Rexional Integrado de Enerxía e Clima 2019-2023	Aprobada	03/10/2019 (Consello Xunta)
Simplificación Administrativa e de Apoio á Reactivación Económica de Galiza	Aprobada (Lei 9/2021)	26/02/2021 (DOG)
Plan Estratéxico de Galiza 2022-2030	Aprobada	10/03/2022 (Consello Xunta)
Axenda Enerxética de Galiza 2030	Aprobada	23/06/2022 (Consello Xunta)
Áreas Empresariais de Galiza	Aprobada (Lei 3/2022)	21/10/2022 (DOG)
(Lei do) Clima de Galiza	En tramitación (Anteproxecto)	24/07/2023 (remate participación pública)

E ademais está a parte dos contidos, que, coa excepción da concreción e claridade de todo o relacionado cos intereses privados -aos que incluso cualifican de “utilidade pública”, sen problema algún-, adoitan ser confusos, imprecisos, faltos de concreción, ou directamente baleiros, como no caso dos aspectos sociais.

Un bo exemplo é a Axenda Enerxética de Galiza 2030 (AEG 2030), o texto aprobado de maior relación co contido deste documento e máis actual; foi aprobado polo Consello da Xunta antes de que o Parlamento aprobara o Plan Estratéxico de Galiza 2022-2030, documento no que se enmarca.

A AEG 2030 non é mais que un breviarío abstracto de obxectivos e medidas con verbos imprecisos e vagos, no que se enumeran 5 obxectivos operativos estratéxicos (Galiza rexión neutra en carbono en 2050, diminuír a dependencia enerxética do exterior, descarbonización dos sectores económicos


e sociais, posicionar a Galiza como polo enerxético innovador, e sector industrial máis competitivo: nova industria máis eficiente e sostíbel), con 7 eixos de actuación, 23 accións e 56 medidas, que pretenden actuar sobre a xeración de enerxía eléctrica, mobilidade e transporte, industria, edificios, e almacenamento enerxético; mantén o mesmo criterio, único e xustificativo, na elaboración que os plans no ámbito estatal, o de vencer por elevación á súa referencia -a europea no caso estatal-, o que deriva en situacións absurdas como a de propoñer obxectivos para 2030 en Galiza inferiores aos existentes no ano de elaboración, como é o caso da redución nas emisións dos gases de efecto invernadoiro (GEI) totais a respecto do ano base 1990; algo similar pode observarse na aportación das renovábeis na xeración de enerxía eléctrica, que no 2023 foi do 75,4% e no que vai de 2024 é do 85,1%, que supera o obxectivo 2030.



Para ámbitos concretos fixa obxectivos tamén sen moita base, como os 3.600 MW de potencia térmica renovábel total instalada, a redución nun 14% dos produtos petrolíferos para usos térmicos, o 15% de vehículos propulsados por fontes de enerxía limpas, e o

incremento de 1.495 MW de acumulación enerxética en centrais de bombeo, cando os proxectos en trámite en setembro do 2023 supoñen o 270% do obxectivo, como se pode apreciar na seguinte gráfica; certo é que desenvolver un proxecto de bombeo precisa duns 10 anos.


Proxectos de Centrais de Bombeo na Galiza (en trámite)



Fonte: elDiario.es (01/09/2023)

Algo similar, mais no sentido contrario, pode observarse no caso do obxectivo da potencia eólica instalada, que suporía multiplicar por 12 a rapidez de posta en marcha dos parques, pasando dos 623

MW dos últimos 10 anos, aos 4.567 MW en 6 anos (761 MW anuais), de todo imposíbel mentres as actuacións políticas sexan só favorábeis ás promotoras sen dar solucións ás demandas sociais.



Alarmante e preocupante é a previsión para a entelequia do “Hub” do hidróxeno verde, que cuantifica en 0,5-1 GW de potencia de electrolizadores (o PNIÉC pasa de 4 a 11 GW na súa revisión) “*en función das posibilidades de acceso á rede de transporte*”, da que recoñece só deficiencias en Stellantis e limitacións en nodos de evacuación para o desenvolvemento eólico (nada sobre a eliminación da capacidade nos de Transición Xusta de Meirama e As Pontes), mais que non analiza para concretar as necesidades en Galiza. Iso si, será unha rede “intelixente”. O obxectivo non se acompaña de medidas, planificación, programa, medios, e tampouco orzamentos, polo que o obxectivo e posicionamento de Galiza semellan imposíbeis de acadar. E así o reflicte a realidade: lentitude na organización interna, con

pouca participación e dispersa, illamento nos proxectos europeos, non presenza institucional e escasa de empresas e centros de investigación/tecnolóxicos en organismos chave (estatais, europeos, internacionais), poucos proxectos con axudas do PERTE, ningún coa consideración de Interese Común ou co apoio do Banco Europeo do Hidróxeno, e tan só un ou dous na fase de decisión final do investimento, con potencias inferiores ás contempladas nos inicios; a maior evidencia producírase na resolución das importantes axudas aos chamados vales do hidróxeno, nas que outras nacionalidades dos Estado con moita menor implantación de renovábeis (caso de Euskadi e Catalunya), ou zonas con escaso recurso hídrico, están moito mellor posicionadas polo traballo político institucional desenvolto.

Alianza para convertir a Galicia en "referente internacional" del hidrógeno verde



21 diciembre 2022

"Galicia no va a perder este tren", puesto que "hace tiempo que empezó a prepararse y se puede asumir no con tranquilidad pero sí con capacidad los cambios que se avecinan".

Rueda exige "que se rectifique" y "sea una realidad el corredor atlántico" con la "conexión Guitiriz-Zamora"

El Corredor Vasco del Hidrógeno une a 78 empresas y organizaciones en la industria del futuro



22 de febrero de 2021

Así, hoy se ha formalizado el consorcio del Corredor Vasco del Hidrógeno que cuenta con la participación de 78 organizaciones: 8 instituciones, 12 centros de conocimiento y asociaciones empresariales y 58 empresas.

El Corredor Vasco del Hidrógeno supondrá la inversión de 1300 millones de euros hasta el año 2026, y generará más de 1.340 puestos de trabajo directos y 6.700 indirectos.

Supondrá la producción anual de 20.000 toneladas de hidrógeno y la reducción de más de 1,5 millones toneladas al año de CO₂.

Destacan la inversión de 650 millones en la producción de hidrógeno verde, 250 millones para el desarrollo tecnológico e industrial en toda la cadena de valor y digitalización y 50 millones a la investigación de aplicaciones del hidrógeno en movilidad, sector residencial e industria.

Proyectos de Interese Común (PCI) e de Interese Mutuo (PMI)





Fonte: Comisión Europea

Censo de Proyectos de Hidrógeno



Fonte: Asociación Española do Hidrógeno

Proxectos de Producción de Hidróxeno




Fonte: Axencia Internacional da Enerxía

E neste apartado rematan os obxectivos cuantificábeis da AEG 2030, cunha pequena referencia, tamén inxustificada e non desenvolta, a un consumo esperado de gas cun contributo do 20% de gases de orixe renovábel, o que implicaría, segundo o documento, un aumento da potencia eléctrica do biogás dende os 13 MW até os 30 MW e 100 MW da térmica total.

Peor tratamento teñen os biocombustíbeis, que non pasan da súa cita, incluso para consideralos parte do mix enerxético galego para 2030, xunto co hidróxeno verde, os gases renovábeis, a eólica mariña e o almacenamento enerxético. No seu uso reservado en actividades de difícil electrificación, como os procesos de industrias calorintensivos e o transporte pesado, tamén para os gases renová-

beis, non se diferencia segundo a orixe da materia prima biomásica e o proceso de obtención, entre os de primeira xeración (biomasa vexetal de cultivos agrícolas, nomeadamente dos seus aceites; bioetanol e biodiésel), segunda (de residuos orgánicos agroalimentarios, forestais, aceites de cociña usados, parte orgánica dos RSU; hidrobiodiésel ou HVO, combustíbel sostíbel da aviación ou SAF, biogás, biometano), terceira (algas e plantas acuáticas cun contido mínimo en aceite do 50%; non escala comercial), ou cuarta (modificación xenética de microorganismos; poucas plantas piloto), e tampouco referencia algunha aos combustíbeis sintéticos ou e-fuels producidos con hidróxeno renovábel e CO₂ capturado.

Gases Renovábeis



Na I+D+i fai mención, sen máis, ao chamado *Polo de Innovación en Enerxías Mariñas e Almacenamento Enerxético*, mentres que para o financiamento, sen cuantificar, limítase a unha listaxe de fondos europeos de posíbel aplicación, e unha referencia aos estatais, autonómicos e locais, sen concreción.

A CIG fixo achegas ao documento inicial da AEG 2030 -ás que non tivo resposta algunha-, baixo a consideración do sector enerxético como fundamental para o desenvolvemento socioeconómico, cun valor estratéxico en Galiza polo que representa no seu

produto interior bruto e por ser un factor relevante na produción industrial, mais no que Galiza apenas contou con capacidade para deseñar e aplicar unha estratexia enerxética propia, orientada a un aproveitamento endóxico dos seus recursos enerxéticos, xa que o deseño da produción eléctrica na Galiza caracterízase por ser un deseño alleo, dende a esfera estatal, onde os poderes públicos galegos non tiveron nunca voz nin voto, e foi, polo tanto, un deseño contrario aos seus intereses e necesidades. Para a CIG, máis que elaborar un programa de actividades

a realizar nun período determinado de tempo –por certo, moi reducido na consideración do obxectivo dunha transición ou cambio de modelo enerxético e, tamén, económico e social-, deberíanse establecer as accións, moi meditadas, fundamentadas, estruturadas, sistematizadas, planificadas, orzamentadas e encamiñadas cara á consecución dun obxectivo propio, adecuado á nosa realidade, necesario e consensuado, partindo non só da situación actual senón tamén da nosa potencialidade enerxética, cunha identificación e cuantificación precisa e exacta dos nosos recursos, cun desenvolvemento que contemple todos os medios propios (tecnolóxicos, económicos, humanos, legais, ...) necesarios para atender a demanda galega futura que se determine en función do que acordemos ser, e implantando toda a cadea de

valor; máis que dunha axenda, necesitaríase dunha estratexia e, sobre de todo, de quen a execute.

As propostas feitas pola CIG ao borrador da AEG 2030 comprendían dende unha identificación e cuantificación dos recursos enerxéticos propios, así como as posibilidades e condicións do seu uso sostíbel, pasando pola cuantificación da demanda enerxética galega futura segundo o escenario acordado para 2030, que debería manter o carácter industrial e produtivo da Galiza, até a opción de producir para exportar e as condicións da mesma, que deberían estar condicionadas ao establecemento dun beneficio, concreto e cuantificábel, de interese para Galiza. Dunha ou doutra maneira, todas elas forman parte das recollidas neste documento, no seu apartado 5 (*Obxectivos e Actuacións*).

4.- ESTRATEXIAS AUTONÓMICAS

NOTA: a análise fíxose sobre de textos regulamentarios publicados nos boletíns oficiais até xullo de 2024.

4.01.- ARAGÓN

- a. *Resolución sobre da redución do custo de transporte da enerxía eléctrica (setembro 2018)*

O Pleno da Deputación de Huesca aprobou, por unanimidade, instar ao Goberno do Estado a ter en conta, á hora de modificar o réxime tarifario do mercado eléctrico, que se contemple a redución dos custos asociados ao transporte da enerxía hidroeléctrica para todos os cidadáns e empresas situadas en territorios produtores mediante unha **redución do 20% da cálculo da tarifa final ao consumidor**.

- b. *Carta de Aragón para o consumo enerxético de proximidade e o autoconsumo (xaneiro 2023)*

No meritado documento afirmase que a súa base competencial (no ámbito da enerxía, na planificación da actividade económica, e na promoción do desenvolvemento económico propio) é tal que, sen necesidade de modificación lexislativa algunha e tendo en conta o seu balance de xeración positivo de enerxías renovábeis, posibilita o deseño do seu propio modelo enerxético, a **concretar nunha lei aragonesa da enerxía**, para favorecer formas de consumo e autoconsumo complementarias da rede que permitan abaratar o custo de factura eléctrica ás súas cidadáns e empresas.

- c. *Decreto-lei 1/2023 de medidas urxentes para promover a transición enerxética e o consumo local en Aragón (marzo 2023)*

Considera o **consumo de proximidade ou local** de enerxía eléctrica dende plantas de produción de enerxía procedente de fontes renovábeis aos consumidores finais de electricidade, reducindo os seus custos enerxéticos, no territorio de Aragón.

Regula as **liñas eléctricas directas** e as **redes de distribución pechadas**, instalacións de distribución

situadas integramente no territorio da Comunidade Autónoma de Aragón, clasificadas como tales pola consellería competente en materia de enerxía, que distribúe enerxía eléctrica nunha zona industrial, comercial ou de servizos compartidos reducida desde un punto de vista xeográfico, cando, por razóns técnicas ou de seguridade específicas, se integren os procesos de explotación ou produción dos usuarios da devandita rede, ou dita rede distribúe enerxía eléctrica principalmente ao seu propietario ou xestor ou ás súas empresas vinculadas.

Crea o **Rexistro de Entidades Produtoras de Enerxías Renovábeis para Proxectos Prioritarios**, voluntario e meramente declarativo, que contempla, entre outros aspectos, unha proposta de modalidades de subministración e rango de prezos ofertados.

Introduce un informe da Comunidade Autónoma, preceptivo e non vinculante, nos procedementos de asignación de **capacidade dos nodos de acceso e transición xusta** situados no territorio aragonés.

- d. *Lei 6/2023 de protección e modernización da agricultura social e familiar e do patrimonio agrario de Aragón (abril 2023, maio 2024)*

Introduce **criterios de exclusión para a execución de plantas solares fotovoltaicas e proxectos de parques eólicos** nos solos fértiles, produtivos e cultivábeis, que inclúen os regadíos de toda a Comunidade así como os incluídos nos ámbitos das denominacións de orixe, a excepción da instalación de aeroxeradores se ocupan menos do 10 % da totalidade da superficie das parcelas afectadas, e os proxectos de autoconsumo destinados a apoiar actividades do sector primario.

4.02.- ASTURIAS

- a. *Decreto 42/2008 pola que se Aprobán Definitivamente as Directrices Sectoriais de Ordenación do Territorio para o Aproveitamento da Enerxía Eólica (xuño 2008)*

Instrumento de ordenación e coordinación territorial que ten por obxecto regular e orientar o impacto territorial das actividades de xeración

de enerxía eléctrica a partir da enerxía eólica, mediante un **modelo de concentración**, priorizando o desenvolvemento de parques eólicos de **maior tamaño**, e definindo **zonas de exclusión** nas que por razóns ambientais os parques eólicos se consideran incompatíbeis.

4.03.- CANARIAS

- a. *Decreto Lei 5/2024 polo que se Modifica a Lei 6/2022 de Cambio Climático e Transición Enerxética de Canarias (xuño 2024)*

Estabelece para a produción de enerxía eléctrica mediante enerxías renovábeis a **obriga** de sistemas e equipamentos de **almacenamento**.

Tamén introduce a **participación local** en proxectos de xeración renovábel situados sobre o terreo e cunha potencia superior aos 2 MW, que deberá ser promovida e fomentada polas administracións públicas de Canarias; o promotor deberá acreditar, previo ao proceso de información pública, que foi ofrecida, de forma fidedigna e obrigatoria, a posibilidade de participar, **polo menos no 20% da titularidade do proxecto**, a persoas físicas ou xurídicas, situadas no termo municipal no que se pretenda situar a instalación ou, se é o caso, nos concellos limítrofes ou nalgún dos concellos da illa, mediante a aplicación duns cri-

terios e requisitos a desenvolver por Decreto do Goberno de Canarias.

Na xestión do dominio público hidráulico, a través dos plans hidrolóxicos potenciarase o **uso de microturbinas nas redes municipais e privadas de abastecemento e saneamento** que permita a xeración de enerxía eléctrica.

Dentro dos instrumentos de actuación social, ademais da participación local nos proxectos xa comentada, inclúe un capítulo para **educación** (universitaria e non universitaria), **formación** (reconversión ocupacional, diálogo social, plan formativo verde), e investigación, desenvolvemento e innovación e competitividade (sistema integrado por todos os actores de **I+D+i+C** en materia de cambio climático (captación de todo tipo de recursos para consolidar novos sectores económicos dirixidos á diversificación da economía).

4.04.- CASTELA E LEÓN

- a. *Lei 1/1998 de Réxime Local de Castela e León (xullo 2024)*

Posibilita a opción de destinar parte do **patrimonio comunal das entidades locais** para fins de carácter ambiental que teñan como obxectivo o desenvolvemento de proxectos de

investimento conformes ao estado tecnolóxico do momento no que se vaian aplicar, ademais dos fins específicos de docencia, recreo escolar, cinexética ou asistencia veciñal, coa obriga de respectar a natureza e as normas de uso e desfrute destes bens.

4.05.- CASTELA-A MANCHA

- a. *Decreto lexislativo 1/2023 polo que se Aproba o Texto Refundido da Lei de Ordenación do Territorio e da Actividade Urbanística (maio 2024)*

Na súa última modificación, recolle a demanda do goberno autónomo ao estatal do **uso da**

enerxía renovábel xerada para o seu desenvolvemento industrial, e non ser só xeradores, ao permitir ás empresas instaladas para xerar electricidade ou que se instalen que tamén invistan en **liñas de distribución e subestacións**,

con cargo ao 50% do canon autonómico, nos concellos nos que desenvolve a súa actividade

e o seu contorno ou dos que obtén recursos e abastecementos.

4.06.- CATALUNYA

- a. *Decreto-lei 24/2021 de aceleración do despregamento das enerxías renovábeis distribuídas e participadas* (outubro 2021)

Pretende **mellorar a aceptación social** dos proxectos de parques eólicos e plantas solares fotovoltaicas de potencia superior a 5 MW, situadas en solo non urbanizábel, mediante a introdución de medidas como a obriga para a promotora de demostrar a **dispoñibilidade** ou o seu compromiso **de máis do 50% dos terreos agrícolas privados** nos que se proxecta a instalación; acreditar un mínimo de **acordos cos propietarios do 85% da superficie privada** para a tramitación administrativa, incluída a declaración de utilidade pública, e ambiental; presentar unha oferta de **participación local polo menos no 20%** da titularidade do proxecto ou no seu financiamento, a persoas físicas (empadroadas cunha antigüidade mínima de 2 anos) e xurídicas (ter o domicilio social cunha antigüidade mínima de 2 anos, ou, no caso de comunidades enerxéticas cidadás, cun mínimo do 50% dos seus membros cumprindo os requisitos de empadramento municipal), públicas ou privadas, do concello ou concellos limítrofes da mesma comarca; introduce o obxectivo de que **polo menos o 30%** da enerxía eléctrica renovábel de novo desenvolvemento que debe implantarse no horizonte do ano 2030, sexa **distribuída e participada**, en propiedade ou financiamento, polos cidadáns, pequenas e medianas empresas, administracións locais, operadores enerxéticos, e comunidades cidadáns e comunidades de enerxías renovábeis.

Tamén define normas dirixidas a **subordinar ás actividades agrícolas** a produción de enerxía mediante fontes renovábeis; axiliza a tramitación de instalacións fotovoltaicas en réxime de **autoconsumo, sen excedentes e sen vertidos á rede**, situadas en cubertas, pérgolas ou parcelas

de solo urbano; crea a **Mesa de Diálogo Social sobre Enerxías Renovábeis**, co obxectivo de estudar e identificar propostas de **medidas de compensación pública** entre os territorios rurais e zonas densamente poboadas; e promove a constitución dunha **empresa pública de enerxía** baseada nas renovábeis.

- b. *Acordo GOV/199/2022 polo que se aproba a constitución da sociedade Enerxías Renovábeis Públicas de Catalunya, SAU (l'Energètica), e os seus Estatutos* (outubro 2022)

A Generalitat é o maior consumidor de enerxía eléctrica, ao tempo que é un dos maiores propietarios de terreos e cubertas de Catalunya. Dende tal realidade, a empresa pública enerxética púxose **en marcha en marzo de 2023**, centrando a súa actividade na **xeración e comercialización** de enerxía renovábel (con licenza dende outubro de 2023) para a Administración da **Generalitat e o seu sector público** (a Axencia de Residuos de Catalunya foi o seu primeiro cliente), actuando como medio propio, con cesións a **consumidores vulnerábeis** próximas, e aproveitando o potencial renovábel das **instalacións, edificios, infraestruturas e terreos públicos**, comprando mediante acordos bilaterais aos xeradores locais, e **participando** na propiedade ou financiamento de proxectos de xeración renovábel; a iniciativa do Parlament tamén contemplaba a **xestión das centrais hidroeléctricas** nas que caducan as concesións, e potenciar o almacenamento. A respecto da **distribución**, instaba a traballar para que a empresa pública enerxética teña a propiedade e xestión de redes de nova construción ao tempo que se estuda a posibilidade de dispor das existentes.

O capital inicial foi de 60.000 euros, aportados pola Generalitat, que pasaron aos 25 millóns e 30 postos de traballo, 40 millóns e 75 persoas no 2024.

4.07.- EUSKADI

a. *DECRETO 96/1997 polo que se establece e regula a Rede Tecnolóxica Vasca mediante o establecemento de relacións de colaboración e coordinación coas Entidades de Investigación Tecnolóxica de Euskadi e a determinación das características e funcións das mesmas* (maio 1997) Unha das entidades integrada na Rede é o **CIC energiGUNE**, centro de investigación para o **almacenamento de enerxía electroquímica e térmica**, unha iniciativa estratéxica do goberno en 2011, integrada por un grupo de **entidades públicas e privadas radicadas en Euskadi**, co obxectivo de xerar investigación excelente en materiais e sistemas de almacenamento de enerxía, maximizando o impacto dos resultados no tecido empresarial vasco, a través da colaboración con universidades, centros de investigación e empresas; na actualidade está considerado un dos tres primeiros centros de referencia de Europa, grazas ao posicionamento das súas liñas de investigación, ao seu equipo (140 persoas, 125 investigadores de 14 nacionalidades), e ás súas avanzadas plataformas de caracterización e infraestrutura de ensaios e prototipado, que o converten no laboratorio de referencia do sur de Europa. O seu investimento acumulado é duns 58 millóns de euro dos que 50 corresponden ao goberno vasco-, 4.500 m², 53 proxectos anuais (17 europeos), 26 patentes, e 2 spin-off.

b. *Lei 9/1982 pola que se crea o Ente Vasco da Enerxía* (decembro 1982), modificada pola *Lei 7/1998* (abril 1998)

Definido para unha axeitada coordinación e control das actividades do sector público na área da enerxía, o EVE foi creado como unha sociedade anónima para pasar a ser un **ente público** de dereito privado, con **autonomía administrativa e económica** para a realización dos seus fins. É o encargado de **planificar, coordinar e controlar as actividades actuais e futuras do sector público vasco no ámbito da enerxía**, propoñendo as estratexias enerxéticas de Euskadi, baixo os criterios de garantía de subministración, competitividade de custos, desenvolvemento tecnolóxico e empresarial, e sustentabilidade, para situala como polo de coñecemento e referencia industrial no sector enerxético. A súa área de competencia inclúe tamén a participación na xestión e presta-

ción, se é o caso, de servizos noutros campos sinérxicos coa enerxía, como a auga, as telecomunicacións e outros, de acordo coas directrices do goberno no ámbito das súas competencias.

A súa dotación económica inicial foi duns 300.000 euros, e logo dunha orientación continua á obtención de recursos financeiros para garantir o **autofinanciamento**, no último exercicio auditado (2022), incluíndo a súa participación en outras entidades (15 nas renovábeis, 5 no gas natural e electricidade, 3 en infraestruturas e servizos; a participación pode chegar ao 100%), ascendeu a uns **48 millóns de cifra de negocio, cuns 35 de resultado positivo e un patrimonio neto de máis de 231 millóns de euros, e 67 persoas**, case a metade técnicas e na área de desenvolvemento e innovación.

c. *Decreto 115/2002 polo que se Regula o Procedemento para a Autorización de Instalacións de Producción de Enerxía Eléctrica a partir de Enerxía Eólica, a través de Parques Eólicos, dentro da Comunidade Autónoma do País Vasco* (xuño 2002)

Na súa parte expositiva fixa a **obriga** das Administracións Públicas de velar para que o **aproveitamento dun recurso enerxético**, como enerxía eólica, se desenvolva nas **mellores condicións técnicas e económicas**, salvagardando os **valores do medio ambiente** e promovendo o **desenvolvemento socioeconómico** da zona e de Euskadi.

A parte a subliñar é a relativa ao procedemento de autorización administrativa dun parque eólico, nomeadamente a etapa de **competencia de proxectos** por un prazo de vinte días, posterior á solicitude de implantación e explotación; a **resolución** da selección do proxecto é competencia do **goberno autónomo**, que terá en conta, entre outros criterios, as mellores vantaxes socioeconómicas para a comunidade autónoma no seu conxunto.

d. *Orde pola que se Aproba Inicialmente o Plan Territorial Sectorial de Enerxías Renovables en Euskadi* (maio 2023)

Sinala entre os seus obxectivos o de promover e potenciar a **independencia enerxética** do País Vasco, promover o uso de **enerxías autóctonas inesgotábeis** no tempo, **diversificar a produ-**

ción de enerxía en Euskadi, promover e facilitar o **desenvolvemento industrial** reducindo os custos enerxéticos, promover o acceso á **enerxía no rural** onde está o recurso renovábel, fomentar as **cadeas de valor** renovábeis en Euskadi mediante a implantación de **tecnoloxías desenvolvidas e/ou subministradas por empresas locais**, e facer compatíbel o despregamento de enerxías renovábeis coa **conservación dos valores ambientais e territoriais** do País Vasco.

No relativo á zonificación, establece prohibicións e fixa os 92 concellos (37% dos municipios vascos) susceptibles de instalar parques eólicos (23%) ou fotovoltaicos (21%).

- e. *Lei 1/2024 de Transición Enerxética e Cambio Climático* (marzo 2024) Estabelece como obriga para as administracións públicas vascas o fomento da participación cidadá local nos proxectos que sexan promovidos por comunidades enerxéticas cidadás, comunidades de enerxías renovábeis ou outros esquemas participativos. Ademais, nos proxectos non promovidos polas comunidades enerxéticas e que non teñan iniciado o procedemento para a obtención da autorización administrativa que posibilita o seu desenvolvemento, independentemente de quen fosen promovidos, fixa nun **mínimo do 20% da potencia total do proxecto** que deberá ofrecerse á **ciudadanía e ás industrias e empresas**, fundamentalmente no concello onde estea situada a planta de aproveitamento renovábel ou nos concellos ou comarcas limítrofes, sempre que sexan de **enerxía solar fotovoltaica e enerxía eólica** e que, de forma individual ou conxunta, teñan unha potencia total por emplazamento **superior a 5 MW**, quedando pendente o sistema de acreditación de ofertas, que deberá desenvolverse regulamentariamente no prazo máximo dun ano desde a entrada en vigor da lei.

Tamén deberá a administración pública vasca **promover contratos de compra de enerxía eléctrica** por parte das empresas vascas naque-

les proxectos de xeración de enerxía eléctrica **renovábel de máis de 5 MW nos que teña participación**.

Estabelece como **investimentos prioritarios e urxentes** para os efectos de planificación, tramitación administrativa e concesión de axudas públicas, previa declaración, entre outras, as actuacións que contemplen a **regulación ou o almacenamento de enerxía**, as de natureza **experimental**, as que contemplen a **repotenciación** de parques eólicos, **hibridación** de instalacións de enerxías renovábeis, os proxectos de xeración realizados en bens de **dominio público** que contan coa **participación económica de polo menos o 20% das entidades locais** afectadas, **entidades sen ánimo de lucro**, ou **persoas residentes** no termo municipal no que se pretenda situar a instalación, ou dos concellos limítrofes, as comunidades de enerxías renovábeis, as comunidades enerxéticas cidadás e os proxectos de xeración renovábel con participación local descritas na lei, **xeración e inxección de gas renovábel** no sistema gasista, proxectos de pequenas empresas ou cooperativas de aproveitamento de **biomasa forestal e subprodutos agrícolas para usos térmicos**, os promovidos fundamentalmente por organismos públicos que desenvolvan **alternativas** diferentes e sostíbeis ao uso de **combustíbeis fósiles** ou contribúan ao aumento dos **sumidoiros de carbono**, os que contemplen a recuperación, mellora ou repotenciación de **minicentraís hidráulicas**, así como as instalacións experimentais ou innovadoras integradas en edificios ou estruturas urbanas para a xeración.

Foi acordada polo PNV, PSE-EE e EH-Bildu, e condicionada a un plan de desinvestimento do sector público vasco en combustíbeis fósiles, revertendo os recursos económicos obtidos no EVE para á promoción ou desenvolvemento de proxectos de enerxías renovábeis ou outras actividades relacionadas coa transición enerxética.

4.08.- NAFARROA

- a. *Lei Foral 4/2022 de Cambio Climático e Transición Enerxética* (abril 2022) Un dos textos máis completo, no contido e no ámbito de aplicación, e máis detallado ao nivel posíbel do seu rango. Entre os aspectos concretos a salientar está a **participación local** nos proxectos de renovábeis, que se fomenta mediante a **capacitación cidadá e entidades da sociedade civil**; para ser considerado como tal (e ter a cualificación de **investimento de interese foral** aos efectos da simplificación administrativa) debe acreditarse unha **oferta dun mínimo do 51% da propiedade** do proxecto a persoas físicas ou xurídicas, públicas ou privadas, radicadas no municipio da instalación, nos límites ou no resto de concellos de Nafarroa, até completar, de ser o caso, o 40 % o número de persoas físicas ou xurídicas interesadas, acadando cando menos unha **participación efectiva dun 20%**; dita oferta será **obligatoria** para proxectos situados en **solo público**. Para a finalidade da participación local, contéplase unha **bolsa de solo** onde os seus propietarios poidan poñelos a disposición para o desenvolvemento dos proxectos de enerxías renovábeis, parque pendente de desenvolvemento regulamentario nos criterios e requisitos para a súa formación e acceso.

No referido ás diferentes tecnoloxías, con variedade e amplitude no texto, subliñar o compromiso de promover a implantación de **saltos hidroeléctricos reversíbeis** nas infraestruturas de encoros de auga existentes, e, como aspecto de dubidosa legalidade, a **continuidade** da actividade daquelas **centrais hidroeléctricas** existentes ou novas ao **vencemento da súa concesión**, tendo en conta o potencial de aproveitamento enerxético e unha serie de factores limitantes. No caso da **enerxía fotovoltaica**, permite as súas instalacións en **infraestruturas existentes**, de interese xeral ou non, cando sexan compatíbeis ou complementarias con estas.

En dito contexto sitúase o proxecto **Canle Fotovoltaico de Nafarroa**, que pretende cubrir con placas os **57 km** da infraestrutura propiedade dunha sociedade, CANASA, participada polo Estado (60%) e polo Goberno Foral (40%), que vai do norte ao sur para levar auga, transformando en regadío unha superficie importante, tamén para abastecemento industrial e urbano a máis do 60% da poboación, e para xeración eléctrica en **dúas centrais de 28,4 e 20 MW**. A instalación fotovoltaica terá unha potencia duns **160 MW** de electricidade pública, cunha fase piloto duns 10 km e uns 20 MW para atender a metade da demanda dos edificios públicos, o que producirá un aforro, ademais dunha garantía de prezo estábel, para contribuír á amortización do investimento do proxecto, uns 30 millóns de euros aportados polo Goberno Foral.

4.09.- A RIOXA

- a. *Lei 1/2024 de medidas temporais e urxentes para a protección da paisaxe da Rioxa* (febreiro 2024)

Procede á **suspensión temporal** dos procedementos administrativos de recoñecemento de **utilidade pública**, así como os de **outorgamento de autorizacións de uso e actividades** en solo non urbanizábel, relacionadas con instalacións eléctricas de xeración de enerxía eléctrica e as súas infraestruturas de evacuación de competencia autonómica. As xustificacións estabelécense na súa parte expositiva; nela fixa a **dúbida na utilidade pública** sobre da base de que os proxectos de grandes instalacións de xeración de enerxía están apoiados nunha **suposta actividade de interese xeral**, na liña da independencia enerxética estatal

e europea e da loita contra o cambio climático, porén, a súa titularidade atribúese a **suxeitos privados**, polo que este interese beneficia, en boa medida e en ocasións concretas, a determinados promotores; tamén afirma a existencia dunha **mala interpretación legal** no feito de aplicala porque calquera proxecto privado que reciba **autorización técnica** é automaticamente de **utilidade pública**. Outra das xustificacións, xunto ás **urbanísticas, medioambientais**, e de **protección da paisaxe**, é a do **cumprimento dos obxectivos** do Plan Rioxano Integrado de Enerxía e Clima a respecto da **porcentaxe das enerxías renovábeis sobre da enerxía final consumida**. A lei foi aprobada polo PP, Vox, e Podemos-IU, coa abstención do PSOE.

5.- OBXECTIVOS E ACTUACIÓNS

O conxunto de medidas que se establecen a continuación parten, xunto co reflectido na **introdución a respecto da relación Galiza-enerxía**, dunha visión da **enerxía** como un **ben público**, polo que a política enerxética debe desenvolverse na base de tal consideración, superando a concepción actual de mera mercadoría, legalizada polos sucesivos gobernos centrais. En coherencia co anterior, a **subministración de enerxía** debe ter a concepción

de **servizo público, básico, esencial e universal**, polo que o seu acceso debe ser un dereito garantido para todas as persoas por encima dos intereses económicos do oligopolio eléctrico, todo o contrario ao funcionamento pretérito e presente do sistema, que, como se está a evidenciar de xeito claro e trágico, favorece un prezo final da enerxía eléctrica imposible de soportar, tanto para o ámbito doméstico como para o económico e produtivo.

5.01.- No ámbito galego

Transición enerxética. Desigualdades sociais

O desenvolvemento da Transición Enerxética, tal e como está planificada actualmente, supón un incremento nas desigualdades sociais. Pretender **electrificar** os consumos enerxéticos obriga a moitos **cambios** nos ámbitos **industriais**, mais tamén nos **domésticos** e na **mobilidade**; e as economías das **clases traballadoras non** teñen **capacidade** para adaptarse a estes cambios.

Aínda máis, até de agora, a **política de subvencións públicas** para a instalación de renovábeis no ámbito doméstico, a compra de vehículos eléctricos, os puntos de recarga eléctrica de uso particular, ..., ao **non** facerse baixo ningún **criterio de renda** (algo que xa está en cuestión en varios países da UE), son en realidade unha **transferencia económica**, vía impostos, das clases **máis precarizadas** ás economías **máis solventes**.

Pero non é só un problema de **subvencións regresivas**, xa que a **socialización** dos cambios en materia enerxética, polo seus **custes** económicos e tamén pola súa **complexidade** técnica, non vai chegar igual e no mesmo tempo a toda a sociedade, haberá **exclusión por motivos económicos**.

No caso concreto de **Galiza** que, entre outras cousas, caracterízase pola súa **dispersión poboacional, sen transporte colectivo** que sexa realmente efectivo, cun parque móbil onde domina o **diésel**, é **impensábel** que se poida **electrificar** todo este transporte nun tempo **razoábel**, e moito menos nos prazos fixados nos documentos dunha pretendida planificación, tanto por **cuestións económicas** ligadas ao alto custe de vehículos e cargadores, mais tamén por **cuestións técnicas**, ao requirir dunha

ampla potenciación das liñas de distribución.

Só no **rural** e na **contorna** das grandes vilas vai pasar algo semellante, aínda que, como diferenza, na última poderán ter un transporte colectivo máis efectivo; a obriga de definir ZBE (**Zonas de Baixas Emisións**) nas grandes vilas, **impedirá a entrada** de vehículos máis contaminantes e, deste xeito, vaise dar un paradoxo: as **clases traballadoras** que, polo alto prezo da vivenda, acabaron **comprando** nas vilas próximas ás grandes cidades, agora poden ter **limitado o acceso** a esas cidades nos seus coches particulares.

Pero as exclusións non se van limitar ao transporte, tamén no **ámbito residencial** con requirimentos de substitución de caldeiras de gas, na implantación de medidas de eficiencia enerxética baixo a penalización de pagar máis vía impostos, na obrigatoriedade dunha determinada cualificación enerxética certificada para a compra ou o aluguer, etc.

Se de verdade queremos acometer esta Transición Enerxética debemos impulsar **medidas no ámbito político para evitar estas desigualdades**, e de non ser así, veremos medrar na **clase traballadora** o discurso **negacionista** sobre o cambio climático e o avance da **ultradereita**.

Compre, pois, de xeito urgente, ben planificado e dirixido, definir, elaborar e implantar un **PLAN SOCIAL de información, sensibilización, capacitación, e recualificación**, que posibilite a **participación activa, consciente e crítica, individual e colectiva**, na Transición Enerxética, executado no **ámbito regrado** dende niveis baixos do ensino até os universitarios, e, no **plano non formal**, mediante

unha rede xeneralizada en todos os concellos de instrumentos públicos, de distinta titularidade, similares ás denominadas **Oficinas de Transformación Comunitarias**, das que na Galiza temos 5 (Ames, Lugo, Narón, Pontevedra, e O Rosal) das 77 do Estado, pero cun **ámbito de traballo** máis aló das Comunidades Enerxéticas. Xa que na súa planificación e aplicación actuais a transición Enerxética non é gratis, e o seu custo está a ser e será con cargo

ás economías máis débiles, no meritado plan tamén se deben contemplar **instrumentos e mecanismos de equidade social**, como por exemplo o dividendo social do CO₂, para **neutralizar os efectos negativos e non progresivos**, que a transición enerxética está a introducir, e que afectan sobre de todo ás persoas de **menor renda e máis precarizadas**, empobrecendo ás clases traballadoras e aumentando as amplas **diferenzas sociais**.

Eficiencia enerxética e baixada do consumo

Nun escenario de transición enerxética que, basicamente, consiste en electrificar, até o máximo posíbel, actividades económicas e mobilidade que actualmente consumen produtos de orixe fósil e, ademais e ao mesmo tempo, conseguir que a xeración eléctrica sexa moi maioritariamente con fontes renovábeis, precisamos incentivar a nosa eficiencia enerxética, **producir o mesmo pero con menos consumo enerxético**.

Como xa se ten evidenciado, nestes últimos anos estamos asistindo a unha baixada moi pronunciada do consumo eléctrico na Galiza; isto débese ao **parón das electrointensivas** -caso singular é o de **Alcoa**, por ser o maior consumidor de electricidade de Galiza-, mais tamén hai un **menor consumo doméstico**.

Dita diminución no consumo advirte que os **obxectivos** da transición enerxética **non se están cumprindo** nestes momentos, xa que, de darse,

estariamos asistindo a unha caída de consumo de carburante que sería substituída por un maior consumo eléctrico e, como dicimos, de momento non se está producindo.

Porén, esta situación dálle un **maior prazo** e unha **mellor posición a Galiza** para acometer a transición; agora somos **deficitarios en enerxía** pero con importantes **excedentes en electricidade** e cun **incremento** moi significativo da **xeración eléctrica renovábel**. Mais tamén precisamos dun novo **Plan de Aforro e Eficiencia Enerxética**, no que se cuantifiquen e fixen os **obxectivos** a conseguir en diferentes períodos temporais prefixados, xunto cos métodos de **control e avaliación** do mesmos; as **axudas** que se aproben o amparo do mesmo deben ser todas en réxime de **concorrenza competitiva**, mais onde as **persoas con limitacións** para acceder a todos os sistemas e tecnoloxías de aforro enerxético teñan **prioridade** nunha única convocatoria.

Lei Galega do Sector Eléctrico. Enerxía Quilómetro 0

Hoxe **Galiza** xa **cumpre** o plan estatal de achega das **renovábeis** á xeración eléctrica para o **2030**, o que debería permitir **actuar** para que o seu incremento futuro, fundamentalmente da eólica, **corrixa** os erros do pasado, nun sector con **escasa** presenza na subministración dos **equipos** no País, con **moi pouco retorno económico** e que **abusa** da condición de **interese público** para poder expropiar, mesmo cando a implantación prevista supera os obxectivos de planificación estatal, a **prezos** que **non** contemplan o **recurso enerxético**, e que actúa no réxime de **autorización** no canto dunha **concesión** administrativa.

É preciso demandar a aprobación dunha **Lei Galega do Sector Eléctrico**, que recolla todas as propostas que vén facendo a **CIG** sobre este

sector estratéxico, que aproveite ao máximo as **competencias estatutarias** e, de ser o caso, que tamén **cuestione a capacidade do Estado para algunhas decisións**: non ten ningunha lóxica, nin económica nin técnica, que o **límite** para aprobación de parques eólicos sexa de **50 MW**, ou que as competencias autonómicas na **zona marítima económica exclusiva** se limiten á **acuicultura** e ao **marisqueo**; **calquera parque eólico, terrestre ou mariño, que se instale na Galiza debería ser competencia da Xunta**.

E esta Lei tamén debe promover a elaboración dunha **planificación propia**, o **Plan Galego Integrado de Enerxía e Clima**, que teña como centro a valoración da **enerxía** como produto de **quilómetro 0**, é dicir, favorecer que a xeración eléctrica de fontes e

vectores renovábeis teña un **consumo no País**, sen renunciar as necesarias e imprescindíbeis **conexións enerxéticas**, tanto eléctricas como de gasoduto e/ou hidroduto, xa que canto máis “*malladas*” estean as **redes** enerxéticas, máis **garantía** teremos de **subministración**. Pero o **consumo enerxético de proximidade** ten que se un obxectivo fundamental ambiental, económico, e de eficiencia -non se pode seguir mantendo as **perdas** na rede de producir na Galiza e consumir a 600 quilómetros-, tamén na planificación interna da instalación dos proxectos de xeración renovábeis. Porén, tamén debe considerarse a **opción de producir para exportar** -electróns e moléculas verdes, xa que a prioridade serán os produtos fabricados con eles-, e as **condicións** da mesma, que deben estar **subordinadas** ao establecemento dun **beneficio**, concreto e cuantificábel, de interese para **Galiza**.

Sería necesario fixar nela o marco de **colaboración** cos **Concellos** na elaboración obrigada, con información e participación pública, dos **estudos de potencialidade local dos recursos enerxéticos de orixe renovábel**, como base dunha **boa planificación** local e galega no seu conxunto, tamén das **posibilidades e condicións do seu uso sostíbel**, e paso previo á necesaria **cuantificación da demanda enerxética galega futura** segundo o escenario acordado, que debe manter o carácter industrial e produtivo da Galiza.

Do mesmo xeito, na consideración dos **recursos enerxéticos renovábeis** como un **vector de crecemento económico** en sentido amplo para estreitar o **vínculo** entre **enerxía e sociedade**, a lei debería fixar o mecanismo da **poxa ou concurso público competitivo** para a concesión da **potencia renovábel**, cuns criterios de valoración similares aos dos **Concursos dos Nodos de Transición Xusta**, coa prevalencia dos **criterios sociais**, nos que se incluíría tamén a **participación** mínima, no capital social e/ou no financiamento necesario, dun mínimo de **investidoras locais e/ou galegas**, cun mínimo de **permanencia**.

A lei tamén sería quen de contemplar e regular os **aspectos sociais**, ausentes por completo na actualidade na lexislación europea, estatal e galega. Para a tramitación e autorización de novas instalacións de xeración renovábeis, coa excepción do autoconsumo, por unha **vía prioritaria** de tramitación mediante un mecanismo fácil de avaliar e que permita o despregamento das renovábeis cun **alto retorno** ao

territorio e cunha gran **aceptación social**, deberían reflectirse, cando menos:

- ✓ A **participación local** nos proxectos de renovábeis, que debe acreditarse nunha **oferta dun mínimo do 51% da propiedade** do proxecto a persoas físicas (empadroadas cunha antigüidade mínima de 2 anos) ou xurídicas (ter o domicilio social cunha antigüidade mínima de 2 anos, ou, no caso de comunidades enerxéticas cidadás, cun mínimo do 50% dos seus membros cumprindo os requisitos de empadramento municipal), públicas ou privadas, radicadas no municipio das **instalacións de xeración e de evacuación**, nos límites ou no resto de concellos galegos, até completar, de ser o caso, o 40 % o número de persoas físicas ou xurídicas interesadas, acaando cando menos unha **participación efectiva dun 20%**; dita oferta será **obrigatoria** para proxectos situados en **solo público**.
- ✓ A cuantificación e inclusión nos **acordos de compra e/ou aluguer do recurso renovábel**, xunto co terreo e outros aspectos habituais, en función dunha **porcentaxe da xeración** inxectada na rede polo elemento ou pola instalación no seu conxunto.
- ✓ A opción dun **pago** por parte dos operadores **aos Concellos** onde instalen os seus desenvolvementos renovábeis, en función dunha **porcentaxe da xeración** inxectada na rede polo elemento ou pola instalación no seu conxunto, condición que debe ser **puntuada** nos **concursos** de capacidade e nos trámites **ambientais**.
- ✓ A implementación de **incentivos permanentes e específicos** nos programas de subvencións e de financiamento autonómico, tamén nos do Estado, para os **concellos** con presenza de **parques renovábeis**.
- ✓ A creación dunha **Mesa Social sobre Enerxías Renovábeis**, co obxectivo de estudar e identificar propostas de **medidas de compensación pública** entre os territorios rurais e zonas densamente poboadas, e de promover acordos entre as promotoras e os territorios que acollen as infraestruturas.

A maioría dos obxectivos que se propoñen de seguido no ámbito galego terían o seu encaixe legal nesta lei, outros requiren de modificacións, en maior ou menor extensión, nas disposicións existentes, e outros son de aplicación inmediata.

Empresa Pública Galega de Enerxía. Planificación pública

Actualmente a **Galiza** só lle corresponde **poñer o territorio e o recurso**, o resto **planifícase** maioritariamente **fóra**, dende o político (Estado e UE) e dende o empresarial. Non se trata só dunha posición ideolóxica neoliberal de non intervir no sector industrial, xa que entre as **empresas eólicas** que actúan en Galiza hai, polo menos, catro que son **públicas** ou con predominio de capital público de **Noruega, China, Italia e Francia**. Xa que logo, a culpa non será dos que veñen de fóra, senón da **renuncia a facelo nós**.

A **planificación** de todo este desenvolvemento depende exclusivamente das **empresas promotoras** que, ademais, deciden sobre a **fabricación de compoñentes e subministracións**, non necesariamente elaborados no noso **País**.

O substancial é a necesidade de que o Goberno Galego teña instrumentos de xestión propios para participar e dirixir a transformación enerxética que, sen dúbida ningunha, imos - estamos- a vivir, e da que debéramos ter réditos como País.

A **proposta** de constituír un **Ente Público ou Empresa Pública Galega de Enerxía** debe ir máis

aló da mera xeración de electricidade, debería ser unha aposta pola **planificación, impulso e participación** nos diferentes sectores enerxéticos. É posible contemplar a colaboración **privada** mediante a participación en proxectos externos e nos que desenvolva, en diversas e variadas porcentaxes.

Trátase dunha **intervención pública** que **optimice o uso eficiente e racional da enerxía**, e actúe na **loita contra a precariedade enerxética** que sofren as **persoas mais desfavorecidas**, ás que se lles nega un dereito tan fundamental como é o acceso á enerxía. Así mesmo, deberá actuar como **polo de atracción** para aquelas empresas fabricantes de **bens ou servizos de gran valor engadido**, ofertando para elo un **prezo da enerxía competitivo** a través da subscrición dos correspondentes PPA's (contratos bilaterais de compra-venda de enerxía a medio e longo prazo).

Na ILP defendida pola **CIG** no Parlamento Galego, sobre o progresivo rescate para a xestión pública das concesións hidroeléctricas vencidas, están os fundamentos para nuclear a creación dunha Empresa ou Ente Público Galego de Enerxía con activos propios.

Rescate concesións hidroeléctricas vencidas

Galiza conta cuns 3.732 MW de potencia hidráulica instalada, o que representa aproximadamente o **18%** da **potencia hidráulica** do Estado, e unha **producción media**, con respecto ao Estado, do **23%** na última década. Esta potencia instalada reflíctese en **166** centrais hidráulicas, das que **45** son grandes hidráulicas e **121** pequenas.

A construción destas centrais supuxo, na súa maior parte, a **perda de núcleos de poboación**, o **desprazamento** dos seus habitantes e a **inundación de terras fértiles**, unha ocupación de terreos **non sempre pacífica**. Porén, a pesar de que esta gran capacidade de produción hidroeléctrica supuxo uns **custos sociais e ambientais** moi importantes, Galiza **non** obtivo ningún **beneficio** desta actividade económica.

Por outra banda, a gran maioría destas concesións realizáronse cando a retribución da produción hidroeléctrica foi fixada polo Goberno central e, desde a aprobación da Lei 54/1997, do Sector Eléctrico, a súa retribución xa depende do mercado maiorista (*pool*), igualando a retribución da tecnoloxía de produción de electricidade máis cara cada hora, polo que agora a enerxía hidráulica recibe rendementos

extraordinarios, o que no sector se denominan “**beneficios chovidos do ceo**”; é dicir, estas concesións tiveron un gran incremento dos beneficios **sen** repercutir ou compensar aos territorios onde se construíron con **reparacións sociais**.

A orixinaria Lei de Augas de 1866 foi o primeiro intento de regular de xeito específico as augas territoriais; sen entrar en vigor, os seus principios básicos inspiraron á de 1879, como o de **dominio público hidráulico de todas as correntes naturais**, aínda que mantiña as concesións a perpetuidade para usos industriais, cunha enerxía hidroeléctrica na práctica apenas coñecida. Logo de distintas e variadas modificacións, a Lei de Augas 29/1985 mantivo que o prazo outorgado ás concesións fose temporal pero non superior a 75 anos, sendo discrecional o seu outorgamento; ademais establecía a posibilidade de amplialas cun límite de 10 anos por unha soa vez, cando necesitase obras para o correcto funcionamento non amortizables no período concesional restante.

O RD 1/2001 do Texto Refundido da Lei de Augas estableceu na súa disposición transitoria primeira

que *quen conforme a anterior Lei 29/1985 de Augas foran titulares de aproveitamentos de augas públicas en virtude de concesión administrativa ou prescrición acreditada, así como de autorizacións de ocupación ou utilización de dominio público estatal, seguirán gozando dos seus dereitos, de acordo co contido dos seus títulos administrativos e o que a propia Lei 29/1985 establece, durante un prazo máximo de 75 anos a partir da entrada en vigor da mesma (01/01/1986), de non fixarse no seu título outro menor* Nestes casos, as concesións manteranse viventes ata o 1 de xaneiro de 2061, aínda que o tempo de concesión fora superior, incluso a perpetuidade, segundo ditame da Avogacía Xeral do Estado.

O RD 606/2003 modificou o artigo 153 do Regulamento de Dominio Público Hidráulico -RD 849/1986- que axustaba o aumento do prazo concesional para cambios cun aumento de caudal, calquera que sexa a finalidade da concesión, establecendo unha fórmula matemática para determinar o prazo a engadir ao restante da concesión anterior. Logo doutra modificación do citado Regulamento polo RD 1290/2012, xa non cabe prórroga do prazo concesional por ampliación do caudal ou tramo afectado, **e ningunha concesión de augas pode ter un prazo superior a 75 anos.**

Así, as concesións hidráulicas están reguladas polos seus títulos concesionais e polas modificacións legislativas posteriores de aplicación, cuxa interpretación pode variar substancialmente o prazo da concesión

de moitas hidroeléctricas, en especial a da disposición transitoria primeira da lei de 1985 e as modificacións que a seguiron. Se engadimos que a **información documental** existente en moitos dos casos é **moi deficiente** polos medios utilizados naqueles tempos -copias co *papel carbón*-, a conclusión é evidente: cando menos na demarcación Galiza Costa, competencia de Augas de Galiza e, polo tanto, da Xunta, sería obrigada unha **auditoría** exhaustiva que determine, de forma inequívoca, a situación de todas e cada unha das concesións hidroeléctricas, e realizar un rexistro electrónico público único e detallado das mesmas.

De non ser así, saber na actualidade cantas hidroeléctricas temos na Galiza en explotación coa concesión caducada e/ou vencida é unha cuestión de fe, varían, incluso para a mesma fonte, dende as 11 -dato actual de Augas de Galiza- ata máis de 30. Quen as xestiona na actualidade? A onde van os cuantiosos beneficios dunhas **instalacións xa amortizadas** e sen custe algún polo recurso público utilizado? Un exemplo: unha minicentral das caducadas de 2,3 MW pode producir uns 14 GWh anuais que, segundo o prezo medio negociado de 2022 e un custo de produción que non supera os 10 €, supón un ingreso superior aos 2 M€.

A ILP da CIG para o rescate das concesións hidroeléctricas vencidas foi rexeitada polo PP sen que propuxese ningunha outra alternativa; é dicir, a actual Xunta de Galiza válelle que as concesións vencidas sigan sendo explotadas economicamente por empresas privadas.

Tarifa Eléctrica Galega

A reivindicación dunha tarifa eléctrica diferente non é nova na Galiza, no **1968** xa foi defendida polo profesor universitario **Cambre Mariño**; hoxe xa ningún nega a obriga e a oportunidade da compensación polo uso dos recursos enerxéticos galegos, nomeadamente o eólico.

Cando o nacionalismo reclama a Tarifa Eléctrica Galega faíno coa idea forza da Galiza **excedentaria** na xeración de enerxía eléctrica, argumentación que, aínda que atacada pola condición de dependencia enerxética no seu conxunto, debe contextualizarse na chamada **transición enerxética** e nos seus obxectivos de **electrificación** e **descarbonización**.

Mais a demanda da **contraprestación** de beneficiármonos dun prezo máis baixo da electricidade tamén é por **outras cuestións**, non menos importantes e fundamentadas:

- ✓ A tarifa eléctrica soporta **custes de solidariedade de inter- territorial**, nomeadamente os extra-peninsulares, xa que nas Canarias, Illes Balears, Ceuta e Melilla, pola súa condición de illados, os de xeración son máis caros que o sistema peninsular. Até hai poucos anos, este sobre-custe cargábase totalmente no recibo, uns 1.500 millóns de euros/ano; agora, despois dunha decisión política, o 50% é soportado polos Orzamentos do Estado e os outros 750 millóns de euros/ano seguen no recibo eléctrico.
- ✓ A lexislación do Sector Eléctrico permite -non obriga- ao Goberno Central recargar nos recibos eléctricos os denominados **Suplementos Territoriais**, que tanto poden ser no ámbito dunha Comunidade Autónoma como dun Concello, e supoñen trasladar ao recibo a cantidade recada-

da nos **impostos eléctricos** no territorio afectado; impostos á xeración que só existen **onde se produce non onde se consume** e, se non hai actividade de xeración eléctrica ou é residual, os impostos non existen ou son irrisorios. O Goberno do PP tirou dos suplementos no 2013, mais por disputas xudiciais non se aplicaron até o ano 2019 e 2020, e **Galiza** pagou durante este tempo a **electricidade máis cara** do Estado, 38 millóns de euros en total a pagar entre os 2,7 millóns de habitantes, mentres que na Comunidade de Madrid foi de 2,4 millóns a pagar entre 6,7 millóns de habitantes, e en Euskadi foi de 0 euros, situación que se pode **repetir** no futuro.

- ✓ O **grande impacto** e as **limitacións** que ten sobre o territorio a produción de enerxía eléctrica, evidenciado no feito de que, actualmente, 8 de cada 10 concellos galegos teñen algunha instalación de xeración, ben sexa hidráulica, eólica, fotovoltaica, biomasa, coxeración, ciclo combinado, ..., case o **90%** dos concellos no caso de **Lugo, A Coruña e Pontevedra**, e o **70%** de **Ourense**, sen considerar o desenvolvemento eólico en tramitación ou aprobación dende xullo de 2021; se a isto lle sumamos as liñas de evacuación precisas, veremos o impacto que ten nos usos do territorio galego a actividade de xeración eléctrica.

PROVINCIA	Nº de concellos con centrais	%
A Coruña	83	89,2
Lugo	58	86,6
Ourense	65	70,7
Pontevedra	54	88,5
GALIZA	260	83,1

Pois todo isto, xunto co feito de que a grande maioría das eléctricas que operan na Galiza teñan a sede social fóra do país, debe ser **compensada** coa Tarifa Eléctrica Galega, non só e exclusivamente pola capacidade de exportar electricidade.

O desenvolvemento económico e social de diferentes Comunidades Autónomas, non só a de Madrid, dependeu dunha **tarifa eléctrica única** no Estado, **imposición do franquismo** no ano 1951; este desequilibrio débese corrixir, tamén por motivos ecolóxicos, o gran consumo débese aproximar ás fontes de xeración, e a Tarifa Eléctrica Galega, un prezo diferenciado para Galiza, debe ser o seu impulso e a súa concreción.

A proposta da Tarifa Eléctrica Galega impulsada pola **CIG** mediante unha **ILP** no Parlamento Galego foi **rexeitada**, no seu momento, tanto polo **PP** como tamén polo Secretario Xeral do **PSOE** galego; mais agora, ante un **tsunami** de renovábeis, e cando a **resposta social** está medrando, hai gobernos doutras Comunidades Autónomas e de diferentes partidos políticos, como **Aragón** (PSOE) e **Castela-León** (PP), que xa piden abertamente un **trato diferenciado** na súa tarifa eléctrica na condición de excedentarios en enerxía renovábel. Un escenario espello a respecto do que acontece en **Europa** coas distorsións dos prezos provocada polas inter-conexións, nomeadamente entre estados que pasan a ser importadores como consecuencia da súa transición enerxética (caso de Alemaña) e os seus veciños exportadores que contemplan aumentos internos dos prezos.

No caso do estado español, as mensaxes que reciben de fóra, xunto coa presión social –tamén a interna–, fan que a posición tanto do PSOE como do PP galego empece a mudar levemente; xa case ninguén entende que os territorios que padecen as consecuencias da industria enerxética non tiren beneficios polo impacto que esta actividade ten e, tamén, en contraprestación ante Comunidades que son abertamente deficitarias e insolidarias, caso paradigmático o de Madrid que non ten ningún parque eólico e só xera o 4% da electricidade de consume, e, ademais, recibe un **moito maior ingreso** pola cesión do **imposto especial á electricidade** (5,113% sobre consumo máis potencia dos recibos) pola súa maior poboación.

A **alternativa** dos **PPA's** ás **tarifas diferenciadas** como a proposta, **non é realista** nin **aplicábel** de xeito amplo a **toda Galiza**, tampouco nun ámbito máis reducido como os dos **concellos**, pola propia definición de bi-lateralidade e pola necesidade de axentes intermedios (comercializadora). O **obxectivo principal** desta alternativa é a de **modificar o Plan Sectorial Eólico da Galiza**, até case que facelo inútil, empregando para iso diferentes leis (de Simplificación Administrativa e de Apoio á Reactivación Económica, de Áreas Empresariais, de Promoción dos Beneficios Sociais e Económicos dos Proxectos que Utilizan Recursos Naturais, ou as de medidas fiscais e administrativas que acompañan aos orzamentos). En todas elas, a Xunta do PP consagra a **excepcionalidade**, xa aplicada, que permite instalar novos parques eólicos **fóra das Áreas de Desenvolvemento Eólico**, en zonas nas

que o Plan considerou un impacto elevado, que só debe ser territorial, xa que os proxectos chegan a ter DIA favorábel.

A excepción está **condicionada** a que os proxectos “teñan unha clara incidencia territorial pola súa entidade económica e social, posúan unha función vertebradora e estruturante do territorio”, **difícil de entender** até para as promotoras, que falan de “conceptos xurídicos indeterminados, que non están definidos na lexislación ou xurisprudencia e para os que non se detallan requisitos específicos”; aínda así, son quen de conseguir a excepcionalidade anticipándose aos novos criterios da Xunta, como verdadeiras visionarias ou *influencers*.

A escusa consiste en asinar un PPA cunha empresa con actividade industrial, **presente ou futura**, na Galiza, vinculado ao proxecto eólico e ao centro de traballo determinado de que se trate, e garantindo polo menos o 50% da súa produción eléctrica, que na última versión convértese no 80%.

Varias consideracións. O PPA é unha modalidade moi empregada no sector eléctrico para **obter financiamento e non precisa algunha proximidade** entre produtor e consumidor, non hai unha liña directa parque-centro de traballo, mesmo fanse cos centros de xeración e de consumo en Estados diferentes.

Mais sorprendente é o do **prezo “competitivo”**, tamén **indeterminado, indefinido e sen detalle de requirimento** algún, tan só que sexa **asumido como tal** pola clienta compradora, chegando a ser **descoñecido para a Administración** e, polo tanto, **fóra de calquera fiscalización, control e transparencia**. Un **acordo privado entre particulares que garante a utilidade pública** (con dereito a expropiar), aspecto criticado até por algún goberno autonómico do PP, sobre a base de que os proxectos de grandes instalacións de xeración de enerxía están apoiados nunha suposta actividade de interese xeral, na liña da independencia enerxética estatal e europea e da loita contra o cambio climático, porén son de titularidade privada, o mesmo que os beneficios.

As aplicacións da meritada excepcionalidade veñen condicionadas a que a subministración do parque eólico ao proxecto empresarial sexa “nas condicións establecidas”, ou, do contrario, “deberá ser novamente analizada conforme á normativa de aplicación.” Pero que pasa no caso inverso? Se a **empresa pecha ou non se instala**, que pasará co

parque xa construído excepcionalmente ao abeiro deste PPA? Vaise dismantelar? A realidade é que con empresa ou sen ela, a promotora (das grandes, claro) vai ter un **novo parque eólico fóra de ADE e facturando. Beneficio privado a conta dun interese público inexistente.**

A **proposta concreta** para unha **Tarifa Eléctrica Galega**, co actual deseño do recibo, concrétese en:

- ✓ **liberar de peaxes e cargos** asociados ao **fomento das enerxías renovábeis**, aos **custes extra-peninsulares** e ás **anualidades para pagar o chamado déficit de tarifa**, de xeito que o prezo contemple só os custes directamente relacionados coa produción de enerxía eléctrica e os derivados da súa comercialización, sendo os Orzamentos Xerais do Estado os que asuman o que deixa de repercutirse;
- ✓ **non aplicar a peaxe de transporte para os territorios produtores**, como o caso galego, pola proximidade dos centros de xeración, pola eficiencia enerxética ao non producirse perdas de tensión, e polo forte impacto no territorio da rede e infraestrutura de evacuación;
- ✓ **reformular os impostos** que gravan o consumo de enerxía eléctrica, de xeito que se **anule o imposto especial da electricidade** por ter rematada a súa finalidade inicial (achegas ás empresas asturianas e leonesas do carbón), e o **tipo do IVE sexa o mínimo actual do 4%**, como noutros Estados da UE, na consideración da enerxía eléctrica como ben de consumo de primeira necesidade, caso da auga e dos alimentos básicos, pasando aos os Orzamentos Xerais do Estado o custe que deixa de repercutirse nas consumidoras;
- ✓ **incluír unha bonificación polo impulso das enerxías renovábeis** consistente na **redución do 10%** da tarifa eléctrica mensual a toda consumidora que teña o seu domicilio na CCAA onde, no ano natural anterior, a xeración de **enerxía eléctrica con fontes renovábeis fora igual ou superior ao 70%** da súa produción total, e a súa **demanda** representara unha porcentaxe **igual ou inferior ao 70%** tamén a respecto da xeración total.

Un factor adicional a reclamar debería ser a modificación do actual sistema de fixación de **prezos** nas poxas para contemplar un prezo para cada **tecnoloxía de xeración** en función dos seus **custes reais**.

A cadea de valor da Transición Enerxética

A Transición Enerxética propón un serie de cambios profundos en todos os ámbitos, modificando o noso modo de vida presente e futuro. Sorprende logo que a **UE**, como impulsora, non planificase e aproveitase todos os elementos precisos para esta gran transformación, evitando unha **transición a novas dependencias**.

Baixo a consigna de enfrontar o cambio climático, a necesidade prioritaria e urxente que temos hoxe como humanidade, agóchase, cando menos no caso da **UE**, a obriga derivada da súa **enorme dependencia enerxética**, que a guerra da Ucraína foi quen de evidenciar.

O **abandono consciente e voluntario** por parte da **UE** da **fabricación** dos bens de consumo e industriais en favor da **China**, tivo continuidade co **Pacto Verde** de substitución das fontes enerxéticas, cuxa discusión e planificación foi **anunciada**, coas súas **feblezas e necesidades** das que en especial China tomou nota.

Tal procura desesperada e urxente pola suficiencia enerxética, está a levar a Europa a **novas dependencias, tecnolóxica** e das **materias** chamadas **críticas** precisas, nunha inter-relación entre elas moi cambiante que, ademais dunha verdadeira inseguridade (económica), provoca saídas e entradas na listaxe das materias; dende 2010, tense rexistrado un aumento do 50% de materias críticas para a nova xeración enerxética, que demanda **eficiencia e investigación** para a substitución por outras máis abundantes. En determinadas tecnoloxías de xeración eléctrica, con base en renovábeis, Europa non pinta ren.

E a **China**, con pasos moi importantes na **descarbonización**, cun **calendario** máis longo co europeo, ten os **deberes feitos** no campo tecnolóxico e no aprovisionamento das materias críticas, tanto dentro das súas fronteiras como fóra, nun réxime case que de **monopolio** na maioría delas. Non é China a abandeirada da loita contra o cambio climático, mais si o contraste da planificación da UE.

Máis preto de nós, **Estremadura** e o seu xa mencionado **Centro Ibérico de Investigación no Almacenamento Enerxético**, cuns 80 millóns de euros anuais de fondos públicos e con máis de 80 investigadoras, prepárase “*para dar resposta tecnolóxica e científica á xestión da enerxía verde*”. Tamén **Euskadi**, con toda a **rede pública e privada**, de referencia para nós, “*en colaboración coas*

súas empresas para que sexan máis competitivas e xeren máis riqueza e emprego”, con algún **centro de investigación aplicada e desenvolvemento tecnolóxico** que ten máis de 1.500 empregos, case que 10.000 clientes empresarias, e uns 140 millóns de euros de facturación.

E mentres, na **Galiza**, cuns dos **mellores recursos renovábeis**, co 83% dos seus concellos con algunha instalación de xeración eléctrica, e coa **maior densidade** (MW/km²) de **eólicos** do Estado, ocupa a posición 154 da clasificación de innovación das 239 zonas europeas, moi por **debaixo de Euskadi, Madrid, Nafarroa ou Catalunya**, coa **perda de talento e emprego cualificado** propio da I+D+i e da súa aplicación tecnolóxica.

Co sector enerxético fóra dos dez sistemas produtivos galegos por esforzo en **I+D+i**, contamos cunhas 135 empresas de produción de electricidade cun ingreso total que supera os 1.000 millóns de euros e que ocupan a unhas 200 persoas (cunha **ratio de emprego** por empresa de **0,5** na **eólica**), mais só unha dentro das 48 empresas galegas máis innovadoras, segundo o **informe ARDÁN**, evidencia do novo **colonialismo** e da nova **dependencia**.

Cunha **diminución** importante na **demand**a eléctrica, **Galiza cumpre** hoxe os **obxectivos** en enerxías renovábeis que marca o **PNIEC** para o **2030**. Logo **deberíamos ter tempo para repensar o desenvolvemento futuro**, sabendo que segundo avance a descarbonización da nosa economía e recuperemos consumo, imos necesitar máis renovábeis, polo que debemos **priorizar** unha **maior autonomía tecnolóxica** na cadea de valor da transición enerxética, en especial no **almacenamento**, solución tamén aos impactos ambientais.

O referido informe subliña a necesidade de “*que a transición enerxética sexa ordenada e que o desenvolvemento industrial que supón repercute no territorio*”, para concluír “*que o intelixente é que o rol de Galiza vaia moito máis alá do territorio para a instalación de renovábeis, desenvolvendo un complexo industrial neste ámbito definido de forma extensa, para incorporar as actividades de I+D+i*”, o que precisa dunha **integración de políticas** enerxéticas, industriais, ambientais, e, sobre de todo, sociais.

Como medida concreta e útil de promoción e impulso, debería contemplar a **obriga** para os proxectos de uso dos recursos enerxéticos renovábeis da

utilización de materiais, elementos, compoñentes, tecnoloxía e servizos fabricados, producidos e/ou prestados por **empresas situadas en Galiza**, para o aproveitamento de toda a cadea de valor.

De ser quen de avanzar en todo o anterior, ademais de sermos corresponsábeis na loita contra o cambio climático, darémoslle ao País todo o **valor engadido** deste cambio de paradigma no modelo enerxético.

Almacenamento enerxético. Centro de Investigación

No caso de **Galiza**, e dende unha visión estática e illada, o seu “mix” de **almacenamento enerxético** ten que dar resposta ás características de produción e consumo de electricidade, e non reduci-lo só a un tipo de almacenamento, mais con preferencia do **estacional** (bombeo, termoeléctrico, hidróxeno, amoníaco, metanol, combustíbeis e gas natural sintéticos, ...), que posibilite trasladar os excedentes eólicos e hidráulicos dos meses do inverno ao resto do ano. Segundo a Axenda Enerxética Galega 2030, en 2020 Galiza tiña instalados 381MW e 9.000MWh diarios de almacenamento enerxético de bombeo; para 2030 estima un total de 1.876MW de bombeo que permitirán almacenar 45.000MWh diarios, dábondo para cubrir o consumo medio diario de electricidade de Galiza. Pero nada sobre onde se construírán, como se financiarán, quen construírá estas infraestruturas, ou cando empezará a súa construción (necesitan uns 10 anos para todo o proceso);

semella máis unha mera declaración de intencións que un obxectivo realizábel.

Dende unha visión de País, resulta imprescindible que o goberno galego, dentro das súas **competencias**, **regule** en tempo e forma este tipo de infraestruturas, e os partidos políticos promovan, a **nivel estatal**, os **cambios regulamentarios** necesarios para poder realizar en Galiza un sistema de **almacenamento enerxético** acorde cos seus intereses e necesidades, e para evitar que nun futuro inmediato nos encontremos con actuacións e feitos irreversíbeis.

O Centro para a Competitividade e a I+D+i en Almacenamento Enerxético en Galiza debe ser un **obxectivo estratéxico irrenunciábel**, aínda que se nos negue mentres que se financia noutras zonas con menor recurso renovábel, como o caso xa comentado de Estremadura, onde, co impulso do Estado, está en marcha o Centro Ibérico de Investigación en Almacenamento Enerxético (CIIAE).

Distribución eléctrica pública

Das catro actividades que conforman o sector eléctrico: xeración, transporte, distribución e comercialización, a primeira e a última son actividades, en teoría, en competencia e libre mercado dende a reforma de Aznar en 1997; mais, no caso da **xeración**, o número de empresas é moi limitado en comparación co número de clientes e, na **comercialización**, as pequenas empresas independentes están a sufrir pola elevada carga financeira derivada dos altos prezos da electricidade, controlados polos poucos e grandes grupos de xeración.

Pola contra, as outras dúas actividades, o **transporte** e a **distribución**, son actividades **reguladas** e a súa retribución, vía **tarifa eléctrica**, é cuantificada cada ano pola Comisión Nacional do Mercado da Competencia. Estas dúas actividades son as denominadas **Peaxes do Sistema Eléctrico**, cuxas retribucións, con algunha diferenza en cada ano, están no entorno aos 1.200 M€ para o transporte e uns 5.200 para a distribución.

O **transporte** encárgase, entre outros elementos da rede, das liñas de 220kV e superiores (o límite

inferior en Francia, Portugal e Italia está nos 66kV) e das de interconexións entre estados, sendo responsabilidade da empresa **Redeia** (antes Rede Eléctrica Española, **REE**), empresa que está baixo control público e que actúa en réxime de **monopolio**.

Pola contra, a **distribución**, responsábel das liñas de tensión inferior a 220 kV, que son as que levan a electricidade até ás portas dos clientes, sexan domésticos ou industriais, está xestionada por **empresas privadas**, sen **competencia** no seu ámbito **territorial**, no que se denomina **monopolio natural**.

De feito a distribución supón un reparto do Estado en dez zonas por parte das cinco grandes empresas eléctricas: Iberdrola, Endesa, Naturgy, EDP e Viesgo; no caso de **Galiza**, a distribución corresponde maioritariamente a **Naturgy** (Unión Fenosa Distribución) e, dun xeito minoritario e na zona norte do país, a **Begasa** (Viesgo).

Estes monopolios naturais son a **herdanza** da creación, en cada territorio, das empresas eléctricas e a súas posteriores fusións; por iso, no caso galego, Naturgy

non deixa de ser a empresa que ocupa o territorio da antiga **Fenosa** e, anteriormente, a **Sociedade Xeral Galega de Electricidade**. No proceso de fusións empresariais, que logo deu lugar a Fenosa, tamén está a **confiscación**, en 1936, da **Electra Popular Coruñesa**, fundada en 1932 por Xosé Miñones (Corcubión), asasinado polos franquistas no Campo da Rata; esta empresa tiña activos de xeración en Paderne, As Pontes e A Coruña, e distribuía en Betanzos, A Coruña, Ferrol, Pontedeume e Sada; xa confiscada, foi fusionada coa tamén coruñesa **Fábrica de Gas e Electricidade**.

Mais o desenvolvemento da distribución eléctrica na Galiza non se pode adxudicar en solitario á iniciativa dunha empresa, neste caso Fenosa, senón que houbo tamén toda unha **lexislación** que permitiu e deu cobertura á súa implantación, **expropiacións** polo medio e, tamén, **cuantiosas subvencións públicas**, nomeadamente os diferentes **Plans Mega** (Mellora Eléctrica de Galiza) para levar liñas eléctricas alí onde Fenosa non vía interese económico.

É dicir, o que hoxe se considera un monopolio natural da empresa Naturgy tamén ten a súa historia, e non toda foi iniciativa exclusivamente privada e en competencia.

Na regulación do sector eléctrico decidiu-se que Redeia (REE) quedase co transporte e

as cinco grandes do sector coa distribución, o que é unha **anomalía**, xa que debería ter sido o **transporte** en mans **estatais**, mais a **distribución** tamén debería estar baixo control público, pero das **Comunidades Autónomas**, coa obrigada coordinación e planificación conxunta; deberían contemplarse tamén as **redes de distribución pechadas** para unha zona industrial, comercial ou de servizos compartidos, reducida desde un punto de vista xeográfico.

Isto suporía asumir a responsabilidade, en cada Comunidade Autónoma, da **calidade do subministro** eléctrico e, tamén, o seu **desenvolvemento** sobre **necesidades futuras**, o que evitaría a situación actual dos anuncios de proxectos empresariais con dificultade de subministro eléctrico nun País que, no pasado 2023, exportou o 42% da electricidade xerada.

A proposta ten a súa complexidade, derivada, por unha banda, da previsíbel **férrea oposición das grandes eléctricas** a entregar docilmente a tarta do negocio da distribución que, sen ningunha competencia, tantos beneficios lles dá, e, por outra, dun proceso que, coa lexislación actual, de seguro supón un **alto custe en expropiación**. Mais é outra proposta **precisa** para un **sistema eléctrico ao servizo do conxunto da sociedade galega**.

Hibridación de instalacións

Como xa se ten comentado, un dos obxectivos da Transición Enerxética é **electrificar**, con fontes renovábeis, un gran número de consumos, tanto **domésticos**, como **industriais** e de **mobilidade**, que hoxe empregan combustíbeis fósiles. Isto vai requirir un novo modelo do parque de xeración eléctrica, mais tamén, dun enorme investimento en liñas de **distribución e transporte** de electricidade.

Estas liñas de distribución e transporte teñen un alto **custe económico** e tamén un grande **impacto no medio**; por iso, débese procurar **optimizar** ao máximo o seu uso, ten pouca lóxica manter liñas que só serven para evacuar a electricidade xerada por **unha soa** fonte de enerxía renovábel e que, por

iso mesmo, é **intermitente** e funciona un número limitado de horas/ano. Ademais, en moitas das localizacións das actuais centrais de xeración xa se deu un impacto ambiental, polo que utilizar agora esas **mesmas liñas** con **outras tecnoloxías** de xeración, nomeadamente, fotovoltaica, tería un impacto moi limitado e axudaría a ter máis xeración.

Esta **hibridación** de instalacións debe vir acompañada da instalación complementaria de **baterías de almacenamento**, para conseguir o obxectivo de optimizar ao máximo o uso das liñas de evacuación e, ademais, provocar un menor impacto no medio ao axudar a un menor despregamento de instalacións de xeración.

Nodos de acceso e conexión. Necesidade de información

A xestión dos **puntos para a evacuación e o consumo** por parte da xeración e da demanda é responsabilidade dos **xestores das redes de transporte e de distribución**, sendo unha actividade **regulada**

polo **Estado**, baseado nun criterio xeral de **prioridade temporal** na solicitude ou, de ser o caso, nun mecanismo de **poxa ou concurso** para os nodos reservados para tal finalidade.

Non é discutíbel que a **información** relativa á xestión e situación dos nodos de acceso e conexión situados na Galiza é **fulcral** para desenvolver unhas **planificacións enerxética e industrial óptimas** por parte da propia Xunta; mais a situación actual, regulada, fixa un intervalo temporal mensual para que os xestores fagan pública a capacidade dispoñíbel en cada punto, nun formato dixital gráfico (mapa no caso das distribuidoras) ou de base de datos (no caso de REE).

Porén, unha boa planificación require que a información sexa **actualizada, completa e en tempo real**, impedindo a falla de transparencia e o escurantismo actuais que non permiten coñecer os proxectos que teñen solicitado e/ou concedido capacidade, e tam pouco as súas características e condicionantes; neste sentido, sería preciso introducir un **informe da Xunta**, preceptivo e non vinculante, nos procedementos de

asignación de capacidade dos nodos de acceso e transición xusta galegos, xunto coa realización, planificada e periódica, de **manifestacións de interese** dirixidas a promotoras, co obxectivo de incrementar o coñecemento da Xunta sobre as necesidades de acceso e o detalle dos proxectos de **xeración** interesados (información sobre a demanda de cada un dos nodos, a preferencia de conexión na rede de transporte ou distribución, o tipo de tecnoloxía e a intención de hibridación dos proxectos, novos, de ampliación ou con acceso concedido, con DIA favorable, a súa tipoloxía -autoconsumo, I+D+i,...-), mais tamén pola parte da **demanda**, fundamentalmente a asociada a grandes proxectos industriais e o seu necesario incremento de electrificación, xunto co desenvolvemento de novas actividades (produción de hidróxeno mediante electrolizadores, carga de vehículos eléctricos, ...)

5.02.- No ámbito estatal

Concesión no canto de Autorización administrativa

Nestes momentos dun *tsunami* de proxectos eólicos na Galiza, amparados por unha lexislación con multitude de defectos ambientais, sociais e económicos, que promoven a espoliación dos nosos recursos, sorprende que se sigan concedendo **autorizacións administrativas**, sen unha auténtica planificación, cando Galiza xa cumpre os obxectivos de xeración eléctrica renovábel previstos polo Estado para o 2030.

No futuro haberá que xerar máis electricidade, pois oríéntase unha demanda enerxética maioritariamente eléctrica, o cal é fundamental para rebaixar a nosa grande dependencia e acadar o cero neto de emisións GEI en 2050; pero tamén é imperioso definir o **modelo enerxético** que queremos, unha urxencia que non ten resposta política algunha.

Mais débese chamar a atención sobre un **aspecto fulcral**, que diferenza a tramitación administrativa dos proxectos **eólicos** e dos **hidroeléctricos**, como é o do soporte xurídico para a súa aprobación baseado no modelo das **autorizacións**.

Ambos procedementos administrativos son moi **distintos** e teñen consecuencias tamén **diferentes**, e algunha similitude. No caso das centrais **hidroeléctricas** (tamén na **eólica mariña** e na **solar flotante**) o modelo é de **concesións**, e, cando **remata** o prazo outorgado, as instalacións deben **volver á Administración Pública** en perfecto estado de uso. Porén, as autoriza-

cións administrativas para os **eólicos terrestres non** teñen **límite de tempo**, mais tamén teñen o **dereito á expropiación forzosa**, incluso os proxectos que **non** participan das **poxas** realizadas polo MITECO para cumprir co PNIEC, e que fan **superar** a potencia eólica **prevista**, pero que aínda así son de “**interese público**”.

A xustificación legal é que a **auga** considérase un **ben de dominio público**, segundo a **Lei de Augas**, mentres que o **vento non é** tal, por ausencia de disposición algunha que así o determine, como o demanda a sacrosanta Constitución.

Dous **recursos naturais**, segundo a Lei do Patrimonio Natural e da Biodiversidade, **aproveitábeis** polo ser humano para a **satisfacción** das súas **necesidades**, tamén as **enerxéticas**, cun **valor actual ou potencial**; ámbolos dous relacionados coa **clasificación** das **instalacións** de produción de **enerxía eléctrica** a partir de fontes de enerxía **renovábeis** establecida no RD 413/2014. Con todo, cada un deles ten un tratamento distinto cara á súa explotación: **concesión para a auga, autorización para o vento**.

Débese promover un **debate**, principalmente **xurídico**, sobre da necesidade e oportunidade de considerar o **vento** tamén como **ben de dominio público**. É preciso **rematar** co tratamento **diferenciado e inxustificable** entre a **auga** e o **vento** no ámbito da **xeración eléctrica**, e restituír a **obriga legal** dos

poderes públicos a **respecto da utilización racional dos recursos naturais**, característica que debe promover a concesión fronte á autorización administrativa, a utilización **temporal e recuperábel** para o público, fronte á **perpetuidade** do uso e beneficio

privado dos recursos naturais, ampliando as ferramentas xurídicas que outorguen maior capacidade de decisión aos poderes públicos nun **sector** que é **estratéxico**. Depende de cambios xurídicos, pero sobre todo de iniciativas políticas.

Avaliación ambiental e información-participación social

A decisiva acción colectiva e popular diante da invasión eólica na defensa do territorio, dos sectores primarios que proporcionan alimentos básicos á poboación, **do rural, do medio ambiente, da saúde, dos recursos hídricos, paisaxísticos, do patrimonio e da identidade natural, cultural e histórica, demanda unha nova planificación da xeración da enerxía eléctrica, pública e ao servizo do pobo, do dereito a vivir e traballar na nosa Terra**. Calquera desenvolvemento de renovábeis debe partir dun novo Plano Sectorial, que incorpora a solar e deixe sen efecto o eólico vixente dende 1.997, modificado no 2002, e que contemple un aumento dos ecosistemas e espazos protexidos na Galiza, nomeadamente da Rede Natura 2000, coa participación das comunidades de montes nos órganos de xestión, así como un deseño de medidas compensatorias para as persoas titulares destas terras polos servizos ecosistémicos que prestan ao conxunto da sociedade; tamén debe establecer como distancia mínima os 1.500 metros entre muíños eólicos e/ou vías de evacuación e núcleos de poboación.

Os proxectos de implantación de enerxía eólica mariña son incompatíbeis cos usos tradicionais da nosa costa, co mantemento da actividade pesqueira ou coa preservación da biodiversidade dos ecosistemas mariños, xa que a costa galega tamén é un santuario ecolóxico para as aves, ao pasar por riba de Estaca de Bares o embude migratorio das de maior importancia para Europa e para o mundo. Logo **Galiza debe ser libre de eólica mariña, o goberno español debe retirar os Plans de Ordenación do Espazo Marítimo** que poñen en perigo a preservación dos caladoiros de pesca e dos corredores ecolóxicos mariños.

Por outra banda, precisamos tamén dunha nova regulamentación para a tramitación dos proxectos de renovábeis que recupere os procedementos e amplíe os dereitos de participación pública, necesidade evidenciada polos recentes fallos do Tribunal Superior galego que declaran ilegais varios proxectos eólicos, proba indiscutíbel dun sistema antidemocrático e ilegal que obriga á derogación das leis de depredación da Xunta e a anulación do artigo 6 do Decreto-

lei do goberno do Estado que exonera de avaliación ambiental certos proxectos de enerxías renovábeis.

Asumir que a xente do común ten entre as súas lecturas diarias o BOE, o DOG ou os boletíns oficiais provinciais para acceder ao coñecemento dos proxectos que lle afectan directamente, é facerse trampas ao solitario e avalar os intereses particulares das promotoras; se ademais engadimos que as **últimas e recentes modificacións lexislativas** introducidas dende a UE, obrigatorias para os Estados membro, están, exclusivamente, na liña de **simplificar/reducir os trámites** para axilizar a implantación das renovábeis, temos unha evidencia máis da suposta importancia da chamada **gobernanza** europea, que pretendería impulsar a democracia e implicar máis ás cidadáns.

Polo tanto, faise necesaria, entre outros aspectos e dende un punto de vista **social**, a **modificación** da regulación básica estatal sobre a **avaliación de impacto ambiental** dos proxectos renovábeis co obxectivo de **facilitar e promover**, xunto coa flexibilidade do proxecto, a **información e participación** das persoas interesadas e as máis directamente afectadas, físicas ou xurídicas, do termo municipal no que se pretenda situar a instalación e dos concellos limítrofes, introducindo a **obligatoriedade**, na fase de actuacións previas, da **explicación** do proxecto mediante **actos públicos rexistrados**, abertos e participativos, polo menos nun número **mínimo** igual á relación entre o censo do concello de implantación e a capacidade máxima do local máis amplo do municipio; o promotor deberá **acreditar**, previo ao proceso de información pública, a **realización** destes actos e das súas **conclusións**, de forma **fiábel e obrigatoria**.

Tamén sería posíbel o uso do procedemento para diferenciar entre os proxectos especulativos, irrespectuosos co medio, e inviábeis, dos que teñen maior impacto social positivo e menor impacto ambiental; trataríase de establecer un **procedemento** de avaliación baseado no cumprimento duns **criterios obrigatorios e eliminatorios** (por exemplo, situación en terreos non urbanizábeis e sen figura de protección algunha, apoio plenario do Concello

ou Concellos de instalación), e outros de **idoneidade** cunha puntuación mínima a superar (entre eles, zona de baixa sensibilidade ambiental, accións de impacto climático positivo, porcentaxe de participación local, reinvestimento de beneficios, emprego local, actividades económicas asociadas, situación en

concellos con máis demanda que xeración renovábel instalada, ocupación eficiente do terreo –ha/MW– e hibridación, ...), claros, non interpretábeis, fáciles de analizar, e cun procedemento sinxelo na aplicación. O **cadro ou matriz resumo** de dito procedemento debería formar parte da **DIA**.

Rescate concesións hidroeléctricas intra-comunitarias vencidas

O obxectivo tense fixado xa no ámbito galego para as centrais de competencia do organismo Augas de Galiza, mais son outras tres Confederacións Hidrográficas **inter-comunitarias** as que tamén teñen o seu ámbito territorial na Galiza (Miño-Sil, Cantábrico, e Douro).

Como xa se ten comentado, rematado o prazo da concesión, a lexislación establece o deber de **reverter** as centrais hidráulicas á **Administración pública** en perfectas condicións de funcionamento. Porén, a arbitrariedade nas concesións iniciais, as modificacións lexislativas acomodadas aos intereses das concesionarias, a dispersión -premeditada e caótica- das competencias administrativas (catro organismos de conca para as 166 concesións en Galiza), xunto co caos organizativo resultante na expedientes e a ausencia de transparencia nos datos máis básicos, como a finalización da concesión -variábel en función do organismo oficial consultado- fan que, a pesar do tempo transcorrido, non se coñeza planificación da recuperación destes activos de xeración eléctrica, feito motivado polas disfuncións administrativas no proceso de reversión e, sobre todo, pola falta de políticas públicas de interese xeral, que permitan destinar os beneficios da produción hidroeléctrica a rebaixar o custo da electricidade, tanto para os consumidores como para as empresas, favorecendo a súa competitividade e, deste xeito, conseguindo finalmente Galiza algún beneficio.

Ademais da **auditoría** reflectida no obxectivo de ámbito galego, extensíbel ás concesións das tres Confederacións Hidrográficas comentadas, sería precisa a **modificación** da lexislación estatal en materia de augas para que nos expedientes de reversións de instalacións hidroeléctricas situadas na Galiza tramitados pola Administración Hidráulica do Estado, se autorice a cesión da explotación dos aproveitamentos hidroeléctricos revertidos a favor da **Xunta**, gratuíta, temporal, prorrogábel por períodos de 30 anos, e condicionada a que os rendementos se destinen á realización de fins de **utilidade pública** ou **interese social**, nomeadamente á **creación de emprego** e á competitividade das empresas.

Tamén sería oportuno realizar outra modificación para as concesións de aproveitamento hidroeléctrico xestionadas por parte dunha **entidade local, autónoma, ou empresa pública**, de forma que obtiveran a **continuidade** da titularidade da explotación nos mesmos termos e condicións que as fixadas para o rego ou o abastecemento de poboación, que permiten obter unha nova, co mesmo uso e destino das augas, no trámite de audiencia previa no expediente de declaración de extinción ou durante os últimos cinco anos da súa vixencia, excluindo a tramitación dos proxectos en concorrencia; todo elo coa previa autorización especial de adaptación da explotación ás demandas da planificación hidrolóxica.

Eliminación do límite de 50 MW para tramitación de proxectos

En aplicación da Lei 24/2013, do Sector Eléctrico, no seu artigo 3.13 a), o **Estado** asume as competencias para a tramitación de proxectos de xeración eléctrica con potencia **superior aos 50 MW**, límite só fundamentado nunha **decisión política, non**

técnica. Por iso, a autorización das instalacións de xeración eléctrica que estean, na súa integridade, no **ámbito territorial de Galiza**, deben ser **competencia da Xunta de Galiza**, con independencia da súa potencia.

Nodos de acceso e conexión. Melloras necesarias e obrigadas

Sendo un ben **escaso e cotizado**, a xestión dos puntos de accesos e conexión non é moi eficiente, cunha **infra-utilización** derivada da **intermitencia** das plantas e parques conectadas e das concesións de **capacidades de acceso** superiores ás **técnicas** dos proxectos, situacións que demandan da **hibridación**; tamén se debe subliñar o **desfase temporal** entre a concesión e o inicio da explotación, que xustificaría medidas como o **traslado de dereitos de acceso** de subestacións actuais, liberando capacidade, a outras previstas nun tempo máis acorde coa posta en marcha do proxecto, como é o caso de parques eólicos con data de autorización do inicio de explotación para xullo de 2028 e con accesos concedidos dende maio de 2020.

Mais, sobre de todo, é obrigado e necesario subliñar a situación dos **puntos de acceso galegos** relacionados cos **peches das centrais de carbón**, elementos chave, segundo o MITECO e o ITX, na chamada **Transición Xusta**, pero que non pasan de ser termos baleiros e promesas voluntarias incumpridas. A potencialidade das súas poxas está

reducida a cero pola **xestión “peculiar”, incomprendible e inxustificada** da capacidade que debería **liberar a desconexión** das instalacións, e que, na práctica, é **nula**, eliminando a posibilidade dos concursos de capacidade. Aínda que fora posíbel asumir a habitual **desculpa técnica** que expoñen as responsábeis políticas, non son quen de explicar o por que os **Nodos de Transición Xusta** teñen o **mesmo tratamento** no procedemento de determinación da capacidade que o resto, sen facer valer o cualificativo asignado polo MITECO. É **esixíbel**, cando menos, un trato **discriminatorio positivo** que maximice a súa capacidade dispoñíbel ou, polo menos, manteña a das centrais pechadas (580 MW Meirama, e 1.469 MW As Pontes), e dar máis valor nos concursos, non só nos de transición xusta, a **criterios socioeconómicos**, como participación en investimentos e en proxectos de desenvolvemento territorial endógeno, a garantía de abastecemento enerxético para a poboación e empresas da zona, e a creación de actuacións de mellora ambiental no medio onde se desenvolven.

Pagos por capacidade para ciclos combinados

Na actualidade na **Galiza** hai **dous ciclos combinados**, que funcionan con gas natural, en Sabón (Arteixo) e nas Pontes.

Os ciclos combinados emiten **CO₂**, polo cal fan parte das tecnoloxías que provocan o **cambio climático**, si ben é certo que as súas emisións son menos da metade das antigas centrais de carbón.

Nun escenario de xeración eléctrica con base en **renovábeis**, que son **intermitentes**, e namentres non teñamos tecnoloxías de **almacenamento enerxético masivo**, agás as centrais hidroeléctricas de bombeo, faise necesario **garantir** o subministro eléctrico. Por

iso, é preciso o **mantemento**, en perfecto estado de uso, dos ciclos combinados, mais non para producir de xeito ordinario, só como **alternativa temporal** para as situacións de falta de xeración renovábel para atender a demanda.

Neste senso, ademais da limitada substitución por biometano, os mecanismos de **pagos por capacidade**, a debate na UE e xa empregados no sector eléctrico hai tempo, poden ser de utilidade para cubrir os **gastos** de mantemento, persoal e subministro de gas, de tal xeito que estean **operativos** pero sen funcionar.

Estatuto electrointensivo

Para as instalacións situadas na Galiza que demandan **grandes cantidades de electricidade**, e cuxa **competitividade** ten moita dependencia do prezo da mesma, os obxectivos serían:

Modificar substancialmente o seu **sistema de tarifas eléctricas**, liberándoas de pagar os **cargos** do sistema eléctrico que non teñen relación directa co seu funcionamento, nomeadamente os derivados das primas ás renovábeis, dos custes extra-peninsulares, pagos

por capacidade, do ciclo de combustíbel nuclear (segunda parte) e do déficit tarifario; o custe dos mesmos deberán ser asumidos polos **Orzamentos do Estado**.

Obriga de inversións e melloras nos seus procesos produtivos para manter e ampliar o nivel de **emprego directo**, como contra- prestación ao **esfuerzo social** que supón pasar os cargos anteriores aos Orzamentos; asemade, tamén estarán obrigadas ao **respecto e mellora das condicións laborais e sociais** nos

Convenios Colectivos, que deberán ser actualizados, como mínimo, co IPC anual; a Administración Pública **comprobará** previamente, e as Empresas **acreditarán** con fiabilidade, o cumprimento dos seus deberes.

Retirar do mercado maiorista (**pool**), ao mesmo tempo, as **centrais hidroeléctricas e nucleares**, que pasarán a cobrar por **custes recoñecidos** aprobados a proposta da Comisión Nacional dos Mercados e a

Competencia, para producir unha **rebaixa** xeral no prezo da electricidade, sen que repercuta no funcionamento do sector eléctrico.

Compensar polo CO₂ ás industrias electrointensivas, con cargo aos **Orzamentos do Estado**, co **máximo** permitido pola UE, por competir con industrias semellantes instaladas noutros lugares do mundo onde non se limitan nin penalizan as emisións de dióxido de carbono.

Política fiscal na factura eléctrica

Na fiscalidade da electricidade debe diferenciarse entre a que afecta ás persoas consumidoras, sexan físicas ou xurídicas, e a das empresas do sector eléctrico.

Como xa se ten enunciado con anterioridade (Tarifa Eléctrica Galega), no que ten a ver cos **consumos** eléctricos, e asumida a **electricidade** como un **ben de primeira necesidade**, o seu **IVE** debe ser o **super-reducido (4%)**.

Ademais, tamén debe **desaparecer a dobre imposición fiscal**. A aplicación do Imposto Especial da Electricidade non ten sentido algún, pois no seu día foi creado para subvencionar a industria do **carbón**, hoxe inexistente, utilizándose na actualidade para financiar ás **Comunidades Autónomas**, cuxo finan-


ciamento non debera depender deste “xogos” fiscais. Asemade, aplicado o **Imposto Especial** e sobre a cantidade resultante, calcúlase o **IVE**, un imposto sobre outro imposto, algo que tampouco ten sentido algún.

Con respecto ás imposicións fiscais ás **empresas eléctricas**, de non aplicarse sobre os **beneficios**, ao final quen as paga son as **consumidoras**, pois as eléctricas **repercuten** todos os seus custes no recibo, tamén os fiscais. A súa implantación, a modo de **canon**, poden ser moi populares, pero na realidade páganse co **recibo**; pola contra, o modelo de **cesión obrigatoria de participación pública** ten moita máis lóxica **re-distributiva**, pois o conxunto da sociedade recibe unha parte da propiedade das instalacións de xeración eléctrica.


ANEXO

POTENCIAS INSTALADAS E BALANCES ELÉCTRICOS RENOVÁBEIS 2023


POTENCIA (MW) INSTALADA ANDALUCÍA 2024 (REE, 02/05/2024)




BALANCE ELÉCTRICO RENOVÁBEL MENSUAL ANDALUCÍA 2023




(MW) INSTALADA ARAGÓN 2024 (REE, 02/05/2024)




BALANCE ELÉCTRICO RENOVÁBEL MENSUAL ARAGÓN 2023




POTENCIA (MW) INSTALADA ASTURIAS 2024 (REE, 02/05/2024)




BALANCE ELÉCTRICO RENOVÁBEL MENSUAL ASTURIAS 2023




POTENCIA (MW) INSTALADA CANARIAS 2024 (REE, 02/05/2024)




BALANCE ELÉCTRICO RENOVÁBEL MENSUAL CANARIAS 2023




POTENCIA (MW) INSTALADA CANTABRIA 2024




BALANCE ELÉCTRICO RENOVÁBEL MENSUAL CANTABRIA 2023




POTENCIA (MW) INSTALADA CASTELA E LEÓN 2024 (REE, 02/05/2024)




BALANCE ELÉCTRICO RENOVÁBEL MENSUAL CASTELA E LEÓN 2023




POTENCIA (MW) INSTALADA CASTELA-A MANCHA 2024 (REE, 02/05/2024)




BALANCE ELÉCTRICO RENOVÁBEL MENSUAL CASTELA-A MANCHA 2023




POTENCIA (MW) INSTALADA CATALUNYA 2024 (REE, 02/05/2024)




BALANCE ELÉCTRICO RENOVÁBEL MENSUAL CATALUNYA 2023




POTENCIA (MW) INSTALADA ESTREMADURA 2024 (REE, 02/05/2024)




BALANCE ELÉCTRICO RENOVÁBEL MENSUAL ESTREMADURA 2023




POTENCIA (MW) INSTALADA EUSKADI (REE, 02/05/2024)




BALANCE ELÉCTRICO RENOVÁBEL MENSUAL EUSKADI 2023




POTENCIA (MW) INSTALADA GALIZA 2024 (REE, 01/06/2024)




BALANCE ELÉCTRICO RENOVÁBEL MENSUAL GALIZA 2023




POTENCIA (MW) INSTALADA ILLES BALEARS 2024 (REE, 02/05/2024)




BALANCE ELÉCTRICO RENOVÁBEL MENSUAL ILLES BALEARS 2023




POTENCIA (MW) INSTALADA MADRID 2024 (REE, 02/05/2024)




BALANCE ELÉCTRICO RENOVÁBEL MENSUAL MADRID 2023




POTENCIA (MW) INSTALADA MURCIA 2024 (REE, 02/05/2024)




BALANCE ELÉCTRICO RENOVÁBEL MENSUAL MURCIA 2023




POTENCIA (MW) INSTALADA NAFARROA 2024 (REE, 02/05/2024)




BALANCE ELÉCTRICO RENOVÁBEL MENSUAL NAFARROA 2023




POTENCIA (MW) INSTALADA A RIOXA 2024 (REE, 02/05/2024)




BALANCE ELÉCTRICO RENOVÁBEL MENSUAL A RIOXA 2023



POTENCIA (MW) INSTALADA VALENCIA 2024 (REE, 02/05/2024)



BALANCE ELÉCTRICO RENOVÁBEL MENSUAL VALENCIA 2023





Confederación Intersindical Galega

www.cig.gal

